

Serie A N.º 2789642

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos quinto, sexto e sétimo da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2016.-

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de outubro de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 28 de outubro de 2016 é aprobada por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2017

Serie A N.º 2789643

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que a aprobación deste plan é un recurso complementario da RPT, á que xa votaron en contra no pleno dos orzamentos, e polo tanto, e por unha cuestión de coherencia con respecto á posición adoptada nese pleno, que non vai reproducir agora (e non por unha cuestión de legalidade, pois entende que a proposta se adapta á lei) van votar en contra.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, anuncia a abstención do seu grupo, porque sinxelamente cren que moitas das funcións que asume esta deputación non debería asumilas, e polo tanto non ten sentido a contratación de moitos dos traballadores aos que se contrata para exercer esas funcións, como é o caso de actividades da Deputación que incluso fan competencia a servizos privados. Cre que a Deputación debería centrarse máis noutras cuestións, como o apoio aos concellos, e estiman que debería deixar de realizar moitas das súas actividades, co que o persoal dedicada ás mesmas carece de sentido, co que tampouco ten moito sentido falar do plan de ordenación dese persoal. Di que lles chamou a atención que moitas das funcións que se recollen aquí son funcións que se viñan desenvolvendo dun xeito informal, e chámalles a atención que nun organismo público se poidan estar levando a cabo traballos sen normalizar ou formalizar, e que isto se faga *a posteriori*, ante o feito consumado da súa formalización, e pregúntase qué consecuencias podería ter esta situación en caso de producirose algún sinistro laboral, por exemplo, con traballadores cuxas funcións non constasen formalmente documentadas na Deputación. Tamén chama a atención algúns cambios de denominación, como o feito de chamar oficiais de taller aos mecánicos, electricistas e soldadores, cre que esa denominación de oficial de taller é eufemística, e isto lémbrale aquel chiste galego no que a un lle preguntan que é e resposta que é técnico de pirotécnica, e cando lle preguntan o que é iso, explica que fogueteiro, e xa dicía Orwell que canto máis eufemística é unha palabra peor e o seu desempeño na realidade. Di que o texto regula cómo proceder no caso das prórrogas de persoal funcionario, pero non di nada do que se fará no caso do persoal non funcionario, como por exemplo é o do director da Real Banda de Gaitas, que sa se faloui nalgunha comisión, e que xa excede dos sesenta e cinco anos e como non é funcionario

Serie A N.º 2789644

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

senón laboral non hai nada previsto acerca dese tema. En todo caso, non entrará a discutir o aspecto técnico, e dende o momento en que se negociou cos sindicatos e estes non teñen nada que obstar, non votarán en contra, e simplemente se absterán tras facer estas reflexións.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, di que antes de entrar no asunto, e sendo o día que é, o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o seu grupo bota en falla que houbo un manifesto conxunto por parte deste plenario, é certo que houbo un por parte da Xunta de Goberno pero cren que neste deberíamos ir todos xuntos. Polo tanto, dende o Grupo Socialista fan un chamamento a que como Corporación nos sumemos á conmemoración do día de hoxe, a pesares de que a loita debe ser diaria; debemos ratificar o noso firme compromiso permanente de rexeitar a violencia machista, neste día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres; e cómpre reiterar a nosa obriga de traballar ata conseguir a súa completa erradicación. Di que teñen a convicción de que a tolerancia cero coa violencia coas mulleres debe ser un valor defendido pola sociedade no seu conxunta. Máis de oitocentas mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou ex – parellas dende o ano 2003, e cómpre lembrar que a violencia machista é unha violencia estrutural e sistémica, en moitos casos normalizada, que se dirixe contra a muller polo simple feito de selo, ao ser consideradas polos seus agresores como persoas carentes de dereitos e liberdades e sen capacidade de decisión. É unha forma de terrorismo ao que a cidadanía debería responder e non permanecer impasible, e como lacra social debemos facerlle fronte. As deputadas e deputados socialistas cren na igualdade entre mulleres e homes e a defenden como principio fundamental, e o seu compromiso contra a violencia machista é firme. Di que despois dos avances legislativos producidos coa Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que supuxo un revulsivo contra a violencia machista en tódolos aspectos, a nosa sociedade quere que sigamos avanzando cara unha sociedade libre de violencia machista, calquera que sexa a forma que adopte, e que se lles garanta unha resposta rápida ás mulleres que sofren violencia, así como aos seus fillos e fillas. Por iso reclaman un acordo político, social e institucional contra a violencia machista, e que este acordo sexa considerado como unha cuestión de estado prioritaria, porque é tempo de abordar con decisión unha resposta firme por parte da sociedade, os partidos políticos e institucións contra a violencia machista, evitando máis

Serie A N.º 2789645

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

recortes nos orzamentos destinados a loitar contra a violencia de xénero, actuando pola contra dun xeito integral en todos os ámbitos competenciais: prevención, atención, administración de xustiza, educación, formación profesional e técnica, atención sanitaria e psicosocial e investigación. É tempo de solucións, de traballar opara acadar este grande acordo contra o terrorismo machista de xeito consensuado. Por último, tal e como recomendaron as institucións europeas especializadas na violencia machista, estamos convencidas e convencidos de que é preciso avanzar no recoñecemento explícito de tódalas manifestacións da devandita violencia. Un ano máis queremos recordar a todas e cada unha das vítimas mortais do terrorismo machista. Fique aquí o noso compromiso de que a súa dor e padecemento, e o dos seus seres queridos, non vai quedar esquecido. A súa loita non va ser de balde, posto que combateremos todas as formas de violencia contra as mulleres ata que vivamos nunha sociedade igualitaria. Dito isto, porque non houbo ocasión de dicilo noutro momento, e quería dicir algo ao respecto na súa primeira intervención, para darlle máis énfase, en entrando xa no punto da orde do día, o Grupo Socialista, en coherencia co votado ao respecto da Relación de Postos de Traballo aprobada hai dous plenos, votará en contra da aprobación inicial deste Plan de Ordenación de Recursos Humanos para o exercicio 2017, polo seu carácter complementario da RPT 2017, e non lles gusta nin o un nin a outra. Ademais, e segundo puideron saber, o proceso de negociación cos representantes sindicais non se pode cualificar como tal, como un verdadeiro proceso de negociación, foi máis ben un *paripé*, un cumprir un trámite de cara á galería, sen apenas tempo para poder negociar en condicións e poder chegar a acordos de fondo. Di que ademais non é ningunha novidade que dende o seu grupo se ven loitando contra a política de persoal que se fai nesta institución, política que se ten cualificado como de favor, e que vai sendo hora de ir mudando se queremos que a realidade dos feitos se adecúe ás palabras.

Don Jorge Pumar Tesouro, portavoz do Grupo Popular, explica que o 24 de outubro de 2016 a Presidencia formulou a proposta deste Plan de Ordenación de RR.HH. para 2017, do que se deu conta na Mesa Xeral na sesión de 26 de outubro. Con data 9 de novembro reuniuse novamente a Mesa Xeral, e nela os representantes dos traballadores expuxeron as súas demandas e suxestións con respecto ao dito Plan. Vistas as suxestións presentadas, procedeuse a aprobar consensuadamente o dito Plan na Mesa Xeral de 14 de novembro, engadindo os seguintes contidos: suprímese a referencia a unha categoría única

Serie A N.º 2789646

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

de oficial de taller, substituíndoa polas de oficial de taller – mecánico, oficial de taller – electricista e oficial de taller – soldador; incorporouse ao expediente un informe económico – financeiro, aínda que o Plan non implica ningún gasto adicional para a Deputación; elevouse a porcentaxe de prazas reservadas na oferta de emprego público ata o 50 %, xa que inicialmente era do 25 %, e por último, engadiuse un novo apartado relativo ás normas sobre a prórroga de persoal funcionario maior de 65 anos, para garantir o dereito á dita prórroga no caso dos funcionarios que non completasen o período mínimo de cotización para a pensión de xubilación. Con respecto a esta cuestión, e en resposta as reflexións do Sr. Ojea Bouzo, explica que só se regula a prórroga dos funcionarios, porque se carece de competencia para regular este asunto no caso do persoal laboral, que xa ten unha regulación propia no Estatuto dos Traballadores. Posteriormente, este expediente foi ditaminado na Comisión de Transparencia e Administración Provincial o 16 de novembro.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que nesta intervención quere facer un par de puntualizacións á intervención do portavoz do Grupo Socialista, en primeiro lugar di que fixo unha chamada ao consenso e á institucionalidade, pero despois fixo a súa propia declaración institucional, e lembra que hai un punto específico na orde do día no que se vai tratar este tema; con respecto ao seu chamamento para que desde esta casa se negociase algún tipo de declaración institucional negociada por tódolos grupos, quere aclarar que o seu grupo non ten intención en participar en ningunha declaración institucional dese estilo negociada conxuntamente co Partido Popular, porque consideran que dadas as especiais circunstancias que concorren nesta casa dende hai aproximadamente un ano o PP non ten ningún tipo de lexitimidade para participar neste tema e dende logo o seu grupo non quere participar en declaracións institucionais baleiras con grupos que cando teñen que predicar co exemplo non o fan.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, pide que os postos de traballo da Corporación que se recollen neste Plan se cubran atendendo aos criterios de mérito e capacidade, e non atendendo ao pago de favores da natureza espuria.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, replica ao Sr. Rodríguez Suárez que cando se debata a moción do BNG intervirán para expresar a súa posición ao respecto; engade que para o seu grupo a loita contra a violencia de xénero está por encima de todo e de calquera outra cuestión, e nesa loita estarán sempre.

Serie A N.º 2789647

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2017 da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

I. Memoria xustificativa:

A RPT 2017, inicialmente aprobada na sesión ordinaria de 30 de setembro de 2016, introduce unicamente modificacións puntuais na estrutura de postos de traballo da administración provincial, así como a creación de novos postos e supresión de postos vacantes.

De todas estas modificacións, a única que esixe a adopción de medidas de reordenación de persoal é motivada pola creación dos postos de traballo vencellados coa recollida do lixo e coa limpeza viaria dentro da Área de Medio Ambiente. Efectivamente, a RPT de 2017 recolle dentro dos equipos de recollida de lixo e de limpeza viaria unha serie de novos postos de traballo (44 choferes-operarios de lixo, 10 operarios de lixo e 6 peóns de limpeza viaria) que reflicten a subrogación na Deputación dese persoal que viña prestando servizos en diferentes concellos ou mancomunidades e que foron transferidos a Deputación, unha vez delegada esta competencia municipal no organismo provincial. En realidade, trátase de formalizar, na estrutura da RPT, funcións que viñan xa sendo desenvolvidas por ese persoal subrogado. Estes postos só son novos en sentido formal pero materialmente falando, os postos xa existían, e así mesmo o persoal provincial víñaos desempeñando. A este respecto, o Plan de ordenación establece un procedemento de reasignación de efectivos que se axusta ao establecido no artigo 103 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, así como ao disposto nos artigos 58, 59 e 60 da Ordenanza de clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación de Ourense

Serie A N.º 2789648

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

(BOP do 4 de febreiro de 2004), para o persoal subrogado que teña a condición de persoal laboral fixo.

En canto á organización das brigadas da zona de Ourense, a agrupación destas por zona, non implica modificacións nas funcións a desempeñar polo que non se considera necesario a adopción de medidas de reordenación de persoal.

Por último neste apartado, os postos da Sección de Subvencións non sofren ningún tipo de modificación, limitándose a RPT ao seu cambio de adscrición, pasando a depender da Área de Intervención en lugar de Secretaría.

Este plan contempla medidas de carácter xeral que concretan diferentes aspectos da política de persoal da Deputación, referidas ás seguintes cuestións:

- No cadro de persoal funcionario, mantense a declaración a extinguir dos subalternos de administración xeral, xa acordada no Plan de ordenación do exercicio 2015.

-Actualízase o cadro de categorías profesionais do persoal laboral, modificándose a denominación da categoría de mecánico – electricista – soldador, pasando a denominarse a categoría “Oficial taller”.

- Establécense as normas específicas de desenvolvemento do disposto no artigo 68.4 da Lei de emprego público de Galicia, en materia de prórroga da situación de servizo activo do persoal funcionario trala idade de xubilación ordinaria, co fin de cumprir o obxectivo xeral de contención do gasto de persoal.

- Por último, establécense os criterios xerais para a elaboración da oferta de emprego público para o exercicio 2017, remitíndose ás futuras previsións da Lei de orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio (pendente a súa aprobación). Introdúcese ademais a previsión establecida no artigo 80 da Lei de emprego público de Galicia, en canto a que o 25 % das prazas de funcionarios ofertadas se reserven para a promoción interna, estendendo ese mínimo, igualmente, ás prazas do persoal laboral.

Polo que respecta á documentación que integra este Plan – composta pola presente memoria xustificativa e as determinacións, estímase que recollen as previsións establecidas no artigo 47.4 da Lei de emprego público de Galicia, ao definir suficientemente o ámbito de aplicación e vixencia do Plan, os seus obxectivos e as medidas de ordenación previstas.

No que respecta ao cronograma detallado da súa implantación e aplicación, o Plan detalla os prazos nos que se deben adoptar as diferentes medidas previstas, sendo de

Serie A N.º 2789649

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

aplicación inmediata coa súa entrada en vigor aquelas medidas para as que non se establecen prazos específicos.

Achégaselle ao expediente o informe económico – financeiro do Plan, elaborado pola área de Intervención.

II. Determinacións do Plan.**1) Medidas para a reestruturación do cadro de persoal:****a) Determinación das escalas e subescalas do persoal funcionario de carreira da Deputación Provincial de Ourense:**

O cadro de persoal da Deputación Provincial de Ourense intégrase polas seguintes escalas, subescalas, clases e categorías:

1) Escala de administración xeral**- Subescala técnica:**

Grupo de titulación: A1

Titulación de acceso: estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala de xestión:

Grupo de titulación: A2

Titulación de acceso: estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala administrativa:

Grupo de titulación: C1

Titulación de acceso: Bacharelato ou técnico ou equivalente.

- Subescala auxiliar:

Grupo de titulación: C2

Titulación de acceso: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

- Subescala subalterna:

Grupo de titulación: agrupación profesional sen requisito de titulación.

Observacións: categoría para extinguir.

2) Escala de administración especial:**2.1) Subescala técnica, estruturada nas seguintes clases e categorías:**

Serie A N.º 2789650

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

a) Clase técnico superior (A1)

- Técnico/a superior en administración financeira e tributaria
- Letrado/a da Deputación Provincial
- Enxeñeiro de obras e servizos provinciais
- Enxeñeiro/a superior industrial
- Arquitecto/a
- Veterinario/a
- Técnico/a superior de laboratorio
- Tradutor/a de lingua galega

b) Clase técnico medio (A2)

- Asistente social
- Técnico/a especialista en laboratorio
- Enxeñeiro/a técnico de obras públicas
- Enxeñeiro/a técnico agrícola
- Enxeñeiro/a técnico industrial
- Arquitecto/a técnico
- Técnico/a medio arquivista

c) Clase técnico auxiliar (C1)

- Oficial de obras e servizos
- Oficial técnico de obras
- Delineante
- Técnico/a auxiliar agrícola

2.2) Subescala de servizos especiais, estruturada nas seguintes clases e categorías:

2.2.1) Clase prazas de cometidos especiais

- Técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos (A1)
- Técnico/a superior en administración cultural (A1)
- Técnico/a superior en prevención de riscos laborais (A1)
- Técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas municipais (A1)
- Enxeñeiro/a superior en informática (A1)
- Xestor/a de administración cultural (A2)

Serie A N.º 2789651

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

- Enxeñeiro/a especialista en informática (A2)
- Técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional (A2)
- Técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos (A2)
- Técnico/a especialista en xestión tributaria e recadación (A2)
- Técnico/a especialista en xestión orzamentaria e contable (A2)
- Técnico/a especialista en prevención de riscos laborais (A2)
- Técnico/a especialista en medio ambiente (A2)
- Técnico/a superior informático (B)
- Oficial técnico/a en seguridade e saúde (C1)
- Técnico/a auxiliar informático (C1)
- Técnico/a auxiliar en medio ambiente (C1)
- Auxiliar técnico/a de recadación e xestión tributaria (C2)
- Auxiliar informático (C2)
- Programador/a informático/a (C1). Categoría para extinguir

2.2.2) Clase persoal de oficios

- Rexente de edificios e instalacións (C1). Categoría para extinguir
- Axudante de obras e servizos (C2). Categoría para extinguir
- Chofer de presidencia
- Conductor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais (C2) Categoría para extinguir.
- Chofer especialista (C2). Categoría para extinguir
- Oficial taller (C2). Categoría para extinguir
- Legoeiro/a (agrupación profesional sen requisito de titulación) Categoría para extinguir

b) Determinación de categorías profesionais para o persoal laboral fixo

O cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense queda estruturado nas seguintes categorías profesionais:

- Técnico/a medio de asistencia ós grupos políticos (A2)
- Profesor/a superior de gaita (A2)
- Profesor/a axudante de gaita (C1)

Serie A N.º 2789652

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

- Profesor/a de percusión (C2)
- Profesor/a superior de danzas, pandeireta e canto (A2)
- Profesor/a axudante de danzas, pandeireta e canto (C1)
- Oficial técnico de escenario, luces e son (C1)
- Oficial de explotacións agropecuarias (C1)
- Oficial de obras e servizos (C1)
- Oficial de edificios e instalacións (C1)
- Axudante do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (C2)
- Axudante de imprenta (C2)
- Axudante de escenario, luces e son (C2)
- Maquinista (C2)
- Axudante de obras e servizos (C2)
- Auxiliar de servizos (C2)
- Auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados (C2)
- Auxiliar técnico/a de obras (C2)
- Auxiliar técnico/a de laboratorio (C2)
- Conductor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais (C2)
- Chofer especialista (C2)
- Albanel (C2)
- Oficial taller mecánico (C2)
- Oficial taller electricista (C2)
- Oficial taller soldador (C2)
- Chapista (C2)
- Pintor/a (C2)
- Capataz de explotacións agropecuarias (C2)
- Capataz de zonas verdes e limpeza viaria (C2)
- Tractorista (C2).
- Cociñeiro/a (C2). Categoría para extinguir
- Conductor/a especialista de explotacións agropecuarias (C2)
- Construtor/a de gaitas e instrumentos musicais tradicionais de Galicia (C2)

Serie A N.º 2789653

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

- Oficial mantemento (C2)
- Operario/a do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Operario/a de mantemento (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Telefonista (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Axudante de soldador (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Legoeiro/a (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Peón agrícola (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Operario/a sen cualificar (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Operario/a limpador (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Porteiro/a (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Legoeiro/a especialista (agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir
- Operario/a de báscula (agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir
- Auxiliar de biblioteca (A2). Categoría para extinguir
- Bombeiro/a – condutor/a (C2)
- Monitor/a deportivo de sala fitness (C2) ,
- Monitor/a de lecer no rural (C2)

c) Normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal:

As titulacións de acceso ás categorías profesionais do persoal laboral e ás escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario estableceranse nas bases reguladoras das correspondentes convocatorias, atendendo ao disposto na lexislación educativa vixente e procurando, na medida do posible, a apertura ao maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ao contido dos respectivos ciclos formativos, un grao de coñecemento suficiente para as funcións xenéricas da categoría.

Serie A N.º 2789654

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016**2) Procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT:****a). Normas relativas ao persoal afectado pola creación dos seus postos de traballo:**

o persoal dos equipos de recollida de lixo e de limpeza viaria dentro da Área de Medio Ambiente afectado pola creación dos seus postos de traballo na RPT 2017 será reasignado, por resolución de Presidencia, ós devanditos postos. A medida afectaría exclusivamente ao persoal laboral fixo que será reasignado con efectos do un de xaneiro de 2017, ós postos subrogados que teñan a condición de laboral fixo, de Chofer-operario de lixo, operario de lixo ou peón de limpeza viaria. A reasignación de efectivos terá os mesmos efectos que a adxudicación dun posto de traballo mediante concurso, conforme co establecido no artigo 103 da Lei de emprego público de Galicia.

b). Procedementos de acceso a postos de 2ª actividade: os procedementos de acceso a postos de 2ª actividade vacantes a partir do 1 de xaneiro de 2017 estableceranse por resolución da Presidencia no primeiro cuadrimestre do exercicio, trala negociación previa do seu deseño e contido na Mesa Xeral de Negociación.

c). Normas relativas aos postos obtidos por libre designación: os funcionarios que accedan a postos obtidos mediante procedementos de libre designación, terán, en caso de cesamento, dereito á asignación dun posto co mesmo nivel retributivo e funcións similares ao que anteriormente obtiveran por concurso.

3) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2017:

Os criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2017 serán os seguintes:

1º) A oferta pública de prazas de acceso libre elaborárase consonte cos criterios que determine a Lei xeral de orzamentos do Estado vixente e, en todo caso, restrinxida a aqueles supostos que se consideren absolutamente prioritarios para o funcionamento da administración provincial.

2º) En todo caso, a oferta de emprego público reservará, como mínimo, o 50 % das prazas vacantes ofertadas para a promoción interna, tanto se se trata de prazas de persoal funcionario como de persoal laboral. No suposto de que o número de prazas sexa impar, o número de prazas reservadas para promoción interna será superior á metade aritmética das prazas.

Serie A N.º 2789655

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

3º) En ningún caso poderán incluírse na oferta de emprego público prazas declaradas para extinguir no presente Plan.

4) Normas sobre concesión de prórroga do servizo activo a persoal funcionario que exceda dos sesenta e cinco anos de idade.

1. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

Non obstante o anterior, o persoal funcionario poderá solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, no seu caso, por períodos dun ano renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara solicitude en prazo, declararase de oficio a xubilación forzosa.

2. A aceptación ou denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre a base dalgúns dos criterios seguintes:

a) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante, conforme co establecido no artigo 68.4 da Lei de emprego público de Galicia.

b) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada conforme co establecido no artigo 68.4.c) da Lei de emprego público de Galicia.

c) A existencia de razóns organizativas que determinen a denegación da prórroga do servizo activo.

Para estes efectos, decláranse como razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo as seguintes:

- A non necesidade do posto para a normal realización das funcións correspondentes á unidade administrativa na que se encadre. A dita circunstancia deberá acreditarse mediante informe detallado emitido polo director da área correspondente, ou, no seu defecto, polo director do centro, servizo ou unidade de que se trate, sen prexuízo da incorporación ao expediente de cantos informes adicionais se consideren convenientes.

No suposto en que a solicitude de prórroga sexa denegada por esta razón, o posto deberá ser suprimido na primeira modificación da RPT que se tramite, e ata tanto non se

Serie A N.º 2789656

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

leve a efecto a supresión, non poderá ser obxecto de provisión temporal ou definitiva por ningún medio.

- A existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do xefe do Servizo de Recursos Humanos.

- A previsión da supresión do posto, ou da unidade administrativa na que se integre, na Relación de Postos de Traballo vixente.

3. Procederá tamén a xubilación dos funcionarios en situación de prórroga do servizo activo, trala instrución previa de expediente que poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física ou psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

4. En calquera caso, será preceptiva a audiencia no expediente do interesado.

5. Non obstante o disposto no apartado 2, as solicitudes de prórroga serán aceptadas en todo caso nos supostos de persoal funcionario que non completara o período mínimo de cotización ó réxime da seguridade social. No caso que de non darse este suposto procedese a denegación da prórroga conforme os criterios do apartado 2, a prórroga limitarase ó tempo imprescindible para completar o período de cotización.

5) Normas sobre entrada en vigor e vixencia do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2017.

As disposicións do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2017, sempre que se producise a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sen prexuízo da súa retroactividade, con efectos do 1 de xaneiro de 2017, nos casos expresamente contemplados nas ditas disposicións normativas, para o suposto de que a publicación se produza con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2017. En todo caso, non terán efecto retroactivo as disposicións restritivas de dereitos dos empregados públicos.

O Plan terá vixencia indefinida ata a súa substitución ou modificación por un Plan posterior ou norma de superior rango xerárquico.

Serie A N.º 2789657

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, a documentación inicialmente aprobada, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estas serán resoltas polo Pleno.

3º.- FORMALIZACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA DA PARCELA II DO CAMPUS NORTE DE OURENSE Á UNIVERSIDADE DE VIGO.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que, tal e como se explicou en comisión, este asunto ven dunha especie de negligencia ou de inercia administrativa, e ao respecto quere facer algunhas reflexións, e así, con respecto ao trámite de información pública, di que non acaba de ver quen podería estar interesado en facer alegacións ao feito de que a Deputación ceda gratuitamente un inmovible á Universidade, que de feito xa está sendo ocupada dende hai moitos anos pola Universidade, pero en fin, sempre pode pasar calquera cousa rara. Di que tamén convén reflexionar sobre o feito de que se condicione a cesión a que a Universidade dedique a parcela ao fin para o que foi cedida, e ao mellor pasan un montón de anos e nos atopamos cunha situación semellante á da finca Santamarina, que foi cedida tamén coa condición de ser destinada a fins agropecuarios, e despois xa sabemos o que pasou. Cren que debería resolverse doutra maneira e non deixar aberto ese interrogante para o futuro, ou establecer uns prazos, porque se fai de xeito indefinido, co que ao mellor se atopan os deputados con algún problema no futuro. En canto a que a Universidade de Vigo proceda a depurar a situación xurídica da parcela, non viría mal que de feito a Deputación controlase que efectivamente se fai así, e non nos atopemos dentro duns anos con que segue sen rexistrar a parcela.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, di que a verdade é que vai sendo hora de que se regularice xuridicamente esta situación, porque van xa máis de vinte e cinco anos de ocupación de facto dende que o edificio está rematado e en

Serie A N.º 2789658

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

uso, e a parcela segue rexistrada a nome desta institución. Sen querer entrar nos motivos desta situación, que na propia memoria se di que se descoñecen, o certo é que parece que houbo un certo desleixo, non se sabe moi ben se por parte da Deputación, da Universidade ou se das dúas a un tempo. Por iso, porque é necesario depurar esta situación xurídica, imos votar a favor desta cesión gratuíta.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que neste caso non houbo negligencia algunha, nin por parte da Universidade nin por parte da Deputación, e que simplemente se trata dunha cuestión burocrática que hai que emendar. Con respecto ao trámite de información pública, se establece no acordo o dito trámite porque ten carácter obrigatorio segundo a normativa de bens das entidades locais. Di que este é un asunto que ven do ano 1990, e que simplemente a cesión non se formalizou no seu momento, por razóns que se descoñecen, e se formaliza agora, para regulariza a situación.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 3.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente a cesión gratuíta á Universidade de Vigo da parcela II (Colexio Universitario) do Campus Norte de Ourense.
2. Someter o expediente a información pública, polo prazo de 20 días, para que calquera interesado poida formular alegacións, entendéndose aprobado definitivamente o expediente, no caso de que non se formulen alegacións.
3. Deberá manterse o fin educativo para o que son cedidos, establecéndose que no caso de cesamento deste, quedará resolta a cesión e reverterán os bens á Deputación de Ourense, nos termos previsto no artigo 111 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real decreto 1372/1986.
4. A Universidade de Vigo deberá levar a cabo a depuración xurídica da parcela cedida, asumindo os seus custos, así como da elevación do presente acordo a escritura pública, no caso de que o solicite.

Serie A N.º 2789659

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016**4.º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAIS DURANTE O EXERCICIO 2017.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural; informa ademais que con posterioridade ao ditame recibíuse un escrito do Concello de Ourense polo que se deu traslado dunha alegación contra o programa, presentada o 19 de outubro de 2016 ante o Concello polo concelleiro de Ourense en Común, don Martiño Xosé Vázquez Mato, presentada no rexistro o 16 de novembro e recibida na Secretaría o 17 de novembro. Por este motivo a Presidencia formulou unha emenda de data 21 de novembro, na que atendendo a que o contido desta alegación é idéntico ao das outras dúas alegacións anteriormente presentadas, cuxa desestimación foi ditaminada favorablemente na comisión, se propón incluír na proposta de acordo a referencia á terceira alegación formulada por don Martiño Xosé Vázquez Mato, dándolle o mesmo tratamento que as dúas alegacións ás que se refire o ditame orixinal, por ser idéntico o seu contido.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que é certo que este programa ten por obxecto subvencionar o servizo de limpeza viaria mediante o emprego de medios de roza mecánica, tal e como se sinala no informe do Servizo de Vías e Obras de data 31 de outubro de 2016. Este programa, por tanto, non ten a priori ningunha relación co uso do glifosato ou doutros herbicidas por parte dos servizos municipais, cuestión esta que queda fóra dos límites do dito programa, e que en todo caso lle corresponde decidir a cada goberno municipal; pero tampouco é menos certo que os alegantes se pronuncian ao respecto do uso do herbicida empregado por esta Deputación para a limpeza das cunetas da súa rede viaria, e os motivos cos que o grupo de goberno xustifica o seu uso son a baixa toxicidade e razóns económicas, cun aforro estimado en 500.000 euros. Di que invocar a baixa toxicidade deste tipo de herbicidas, cuxo compoñente principal é o glifosato, é unha irresponsabilidade dende o seu punto de vista, pois estas prácticas, por moi legais que sexan, supoñen o vertido de toneladas de produtos

Serie A N.º 2789660

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

tóxicos ao longo das vías públicas, poñendo en risco os ecosistemas naturais e incrementando a posibilidade de incendios. Estes herbicidas, en poucas cantidades e usados de xeito esporádico, poden non ser demasiado tóxicos, aínda que os últimos estudos da OMS contradín isto, pois hai probas convincentes de que o glifosato está na causa de determinados tipos de cancro en animais e hai probas limitadas de carcinóxese en humanos, como no caso do linfoma de Hogdkins; mais cando esta práctica se sistematiza e se realiza anualmente o seu uso na proximidade de terras de cultivo, casas e xardíns, agrava as consecuencias. Por tanto, aquí non só se analizan os programas de cooperación, senón as alegacións feitas por dous concellos, coa fundamentación de cuxo rexeitamento estamos en desacordo, tal como se manifestou no Pleno de 30 de xuño de 2016, no que se debateu unha moción do BNG sobre o uso do glifosato formulada a iniciativa de diversos colectivos cidadáns. En resumo, anuncia o seu voto en contra.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, anuncia o seu voto en contra, por razóns semellantes ás que acaba de expoñer o BNG. Cre que se deberían ter en conta as alegacións presentadas, en coherencia co que DO xa ten defendido noutros plenos en relación co uso do glifosato, do mesmo xeito que o PP, na súa proposta, propón desestimalas en coherencia co sostido ao respecto noutros plenos. Di que aquí hai unha aparente contradición, porque se di que se subvenciona a roza mecánica, por un lado, pero por outro lado se di que o servizo subvencionado poderá prestarse mediante calquera modo de xestión, ou sexa, de calquera xeito, co que entende que sería competencia municipal decidir o xeito concreto de facer esa limpeza, o que entende tamén que abre a porta ao uso dos glifosatos. Doutra banda, considera moi pouco o diñeiro que se destina, un total de 4.500 euros por concello, cun total de 350.000 euros e esixindo a cada concello limpar doce quilómetros da rede viaria e con catro metros de ancho a cada lado, o que, segundo os seus cálculos, sae a 375 euros o quilómetro aproximadamente, e parécelle demasiado barato, e cre que isto abr a porta precisamente ao uso dos herbicidas. Di que ademais a roza mecánica por procedementos non tradicionais pode provocar incendios forestais, porque ao parecer ese tipo de roza converte a vexetación nun po que, cando se seca no verán, é como unha *yescá*, e calquera cousa que lle prenda lume se expande, co que ao mellor ese xeito de limpar está promovendo os incendios en vez de evitalos, e sería moito máis eficaz usar os métodos tradicionais, como as fouces ou gadañas. Logo, dende o punto de vista

Serie A N.º 2789661

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

administrativo, dálle a sensación de que a Presidencia e a propia institución se arrogan demasiadas atribucións, porque se esixe un informe favorable do Servizo de Vías e Obras sobre a limpeza para que se poida facer o pago da subvención, co que a Deputación actúa como xuíz e parte, e cre que poderían ser os propios servizos municipais os que declarasen se a roza está ben feita, ou polo menos que sexan as dúas partes as que teñan algo que dicir, e non só a Deputación, decidindo unilateralmente, e advirte dos riscos que isto pode supoñer en caso de gobernos municipais de diferente cor política. Tamén lle parece que a burocracia é un pouco complexa. En todo caso, votarán en contra porque considera fundamental que se garanta que non se usen herbicidas nestas tarefas.

Don Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista, cre que o que se está a trata aquí é o Programa de Cooperación na Limpeza nas Marxes da Rede Viaria, xa tratado nun pleno anterior, e sendo un pouco coherentes co feito de que o seu grupo votou favorablemente ese plan, votarán a favor, e tendo en conta que o que se di nas alegacións xa se tratou noutro pleno no que o seu grupo votou a favor de que non se usen herbicidas. Acláralle ao Sr. Ojea Bouzo que a referencia aos modos de xestión alude a que o servizo se preste con medios propios do concello ou contratando unha empresa. O que si botan en falla é que aumente a contía da subvención, porque empezouse en 12.000 euros, baixouse a 7.500 e agora estamos en 4.500, e cre que sería positivo aumentar as subvencións porque que esa roza mecánica é a que se pode utilizar hoxe, porque non hai outro tipo de roza como había hai moitos anos, cando aquela roza tradicional a facían os animais que agora non existen. Polo tanto, van votar a favor porque do que se trata é do programa de cooperación, que impón ademais que sexa roza mecánica, e non se poden usar eses 4.500 euros para usar herbicida, e non se trata do uso do herbicida si ou non, porque iso x se tratou noutro pleno.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Suárez que no pleno de 30 de xuño de 2016 xa se debateu o tema dos herbicidas, e se rexeitou unha moción do BNG para a súa prohibición, e naquel debate xa se dixo que se estaba a aplicar unha redución do uso do glifosato e que simplemente se usaba por cuestións técnicas, que así no lo propuñan os técnicos e así o facíamos. Di que non vaia entrar no debate sobre a toxicidade do glifosato porque non é o asunto do debate de hoxe. En resposta ao Sr. Ojea Bouzo, dille que cómo se van ter en conta estas alegacións se nada

Serie A N.º 2789662

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

teñen que ver co programa, porque este é un programa para a roza mecánica, e por tanto nada ten que ver; engade que o glifosato non roza, roza a máquina, o glifosato mata a herba e impide que medre, pero antes hai que rozala. Di que case todos os concellos se adhiren, e está de acordo co portavoz socialista en que a cantidade podía ser máis alta, pero é o que temos. Dille tamén que ten razón en que a roza mecánica produce incendios, pero non limpalos produce máis, porque queda a broza que é combustible, e por tanto hai que limpar, iso cae de caixón, e preguntalle se é que quere que subvencionemos gadañas e fouciñas, cousa que lle parece complicada. Di que a verificación da realización da roza non a fai o grupo de goberno, senón os funcionarios, de cuxa imparcialidade non dubida, engadindo que se o que pretende o Sr. Ojea Bouzo é que o organismo que concede a axuda non sexa o que controle o cumprimento das súas condicións, entón o que se está a facer e cambiar todo o sistema de xustificación de subvencións que hai neste país, polo que non entende a súa intervención. Dille ao portavoz do Grupo Socialista en canto ao da contía da subvención, pero insiste en que é o que temos.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que ao seu grupo lle parece pertinente falar neste punto do tema do glifosato, porque as alegacións foron as que foron e o punto da orde do día trata sobre a resolución das alegacións, e por iso volveu a insistir sobre este tema, sen prexuízo de que xa houbera un pronunciamento previo do Pleno ao respecto.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, insiste en que a contía é escasa tendo en conta o custe da roza por quilómetro. En resposta á pregunta de si quere que subvencionen fouciños e gadañas, di que a broza arde, pero no po que queda tras a roza mecánica o lume prende aínda máis, e isto é dito por expertos, e foi unha idea que se recalcou nunha charla á que asistiu recentemente. Di que non lle parece nada raro que se creen postos de traballo no rural e que se limpen as cunetas con fouciños e gadañas, sería moito máis caro, iso si, pero ao mellor media hora de helicóptero do servizo de extinción, desde homes de Harrelson que veñen logo no verán, custa unha millonada cada minuto que están no aire. Co cal, e falando en termos xenéricos de gasto de diñeiro público (porque xa sabe que o servizo de extinción de incendios é da Xunta) a creación de emprego no medio rural coa limpeza mediante métodos tradicionais (e non se trata de que haxa un capataz cun látigo como nas obras das pirámides do antigo Exipto nin un sistema como no Gulag

Serie A N.º 2789663

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

soviético no que se impuña unha norma imposible de cumprir) permitiría que moita xente puidese facer ese traballo de modo digno e custaría máis que a roza mecánica, pero moitísimo menos que todos eses medios multimillonarios que se dedican á extinción de incendios. Di que entende que o sistema de xustificación das subvencións sexa ese, pero parécelle sospeitoso que o mesmo que subvenciona sexa o que diga se está todo limpo, e cre que debería haber un criterio un pouco máis obxectivo, e o normal sería que esa tarefa de control o fixera un terceiro neutral, sen prexuízo e recoñecer a profesionalidade do Servizo de Vías e Obras da Deputación. Manteñen o voto en contra polas razóns xa expostas.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, di ironicamente que o seu avó quedará moi ledo coa proposta do Sr. Ojea Bouzo de subvencionar gadañas. Con respecto aos custes da limpeza, di que con 1.500 euros se paga o salario bruto dun traballador, e o resto, 3.000, pagan o combustible e mantemento da máquina nun mes, e que cun mes para limpar 12 quilómetros aínda lle sobra tempo para limpar pistas dos concellos.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 4.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas por don Eladi Cid Babarro, portavoz do grupo municipal Iniciativa por Xunqueira, no Concello de Xunqueira de Ambía, por don Xosé Uxío Rodríguez Blanco, concelleiro de Veciños de Piñor, no Concello de Piñor, e por don Martiño Xosé Vázquez Mato, concelleiro de Ourense en Común no Concello de Ourense, polos seguintes motivos:

- a) O Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais ten por obxecto subvencionar o servizo de limpeza viaria mediante o emprego de medios de roza mecánica, tal e como se sinala no informe do Servizo de Vías e Obras de data 31 de outubro de 2016. O programa, polo tanto, non ten en principio ningunha

Serie A N.º 2789664

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

relación coa cuestión do uso de glifosatos ou outros herbicidas polos servizos municipais, cuestión esta que queda fóra dos límites do dito programa e que, en todo caso, lle corresponde a decisión a cada goberno municipal.

- b) En todo caso, o Pleno da Deputación Provincial xa se pronunciou expresamente sobre esta cuestión na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2016, no que se rexeitou unha moción do BNG a iniciativa de diversos colectivos cidadáns, sobre o uso de herbicidas e glifosatos, polo que procede manter o mesmo criterio e rexeitar esta alegación.

2º.- Aprobar as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2017, co seguinte contido:

Primeira.- Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións a concellos e mancomunidades da provincia de Ourense para o financiamento da prestación de servizos de limpeza da rede viaria local durante un período mínimo de tres meses.

O período mínimo de realización da actividade de limpeza da rede subvencionado deberá comprender, en todo caso, as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na cláusula sétima, apartado b).

Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Nos supostos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza da rede viaria municipal (servizo que se considera incluído no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das

Serie A N.º 2789665

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes e mancomunidades integradas por estes concellos que cumpran os seguintes requisitos:

a) Prestar o servizo de limpeza da rede viaria, cunha máquina rozadora con brazo articulado, destinada á realización de traballos de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial, durante, polo menos, o período mínimo do ano 2017 sinalado na cláusula primeira.

b) Adherirse ao presente Programa de Cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na cláusula quinta.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas na presente convocatoria realizarase con cargo á aplicación 16311/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, tramitándose con carácter anticipado a convocatoria ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación á presente convocatoria as seguintes regras especiais:

1ª) A presente convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2017, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €).

3ª) No expediente de gasto que se tramite a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

Serie A N.º 2789666

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2017, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2017 de 4.500,00 € como máximo, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá na contía correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

Quinta.- Adhesión ao programa:

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que aprobe a dita adhesión, a cal deberá serlle notificada á Deputación Provincial como data límite o día 20 de decembro de 2016. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I a estas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.

Así mesmo, deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

No mes de xaneiro de 2017 procederase a autorizar a adhesión dos concellos ou mancomunidades mediante decreto da Presidencia, no que conceda a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.

No suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da

Serie A N.º 2789667

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.

No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 31 de marzo de 2017 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.

Nestes casos, a Presidencia establecerá, na mesma resolución de concesión, as obrigas concretas de limpeza de vías provinciais que correspondan ás novas subvencións concedidas.

Sexta.- Publicidade das adhesións:

Unha vez concluído o proceso de adhesións, procederase á publicación no Boletín Oficial da Provincia do listado de subvencións outorgadas ao abeiro do presente programa, con expresión das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:

a) A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base primeira, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.

b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o

Serie A N.º 2789668

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

número de quilómetros que é obrigatorio limpar, nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigación supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, a través do fax número 988 317 802 .

- Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial.

- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza, duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.

- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.

Oitava.- Xustificación e pago da subvención:

A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

1. Certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:

a) Que o servizo de limpeza viaria prestouse efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2017 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu

Serie A N.º 2789669

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.

b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado público designado para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.

c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.

d) Relación dos custes directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.

e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.-Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

Non se considerará xustificada a subvención sen un informe favorable, emitido de oficio polo Servizo de Vías e Obras, no que conste a realización da limpeza das vías provinciais nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.

Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

A xustificación deberá realizarse ante esta Deputación antes do 31 de outubro de 2017, unha vez rematadas as actuacións obxecto de subvención.

A Presidencia declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada pola entidade local beneficiaria.

Non obstante, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, previa a solicitude da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos

Serie A N.º 2789670

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % dos custos salariais e de Seguridade Social soportados pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Declárase expresamente que esta liña de axudas será a única vía pola que esta Deputación Provincial exercerá a súa competencia no eido da cooperación cos concellos na limpeza da rede viaria local.

Décima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederáse á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito ao cobro da subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade.

Nos supostos en que na inspección do Servizo de Vías e Obras prevista na cláusula sétima, apartado b), parágrafo último, se detectara un incumprimento das condicións da subvención que dea lugar á obriga de reintegro ou que sexa causa de perda da subvención, a Deputación Provincial procederá, de oficio, á iniciación do expediente correspondente, sen necesidade de esperar a que se presente a xustificación pola entidade beneficiaria.

En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto

Serie A N.º 2789671

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

non se xustificase en prazo. Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Presidencia ditará a resolución que corresponda.

Undécima.- Normativa aplicable:

En todo o non disposto expresamente nestas bases, seralle de aplicación ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Para estes efectos, e de conformidade co establecido na Disposición Transitoria 3ª, apartado a), da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise constar expresamente que, ao terse iniciado o procedemento de elaboración e aprobación do presente Programa con anterioridade ao día 2 de outubro de 2016, a normativa aplicable en materia de procedemento administrativo común será a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

3º.- Ordenar a publicación das bases do Programa no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

ANEXO I**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2017, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

- 1º.- Aprobar a adhesión do Concello/ da Mancomunidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2017.
- 2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa

Serie A N.º 2789672

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º.- Declarar que o Concello/a Mancomunidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20 ____

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II

DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _____, con CIF _____, **DECLARA**

- Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.
- Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

Serie A N.º 2789673

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "pendente" na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

5º.- ACEPTACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO PARA A XESTIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DO ABASTECIMENTO EN ALTA RAZAMONDE-SAN TROCADO.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo non vai apoiar este convenio, non polo acordo en si, a xestión da concesión demanial ante o organismo de conca, senón polo convenio previo sobre este asunto, no que ve dunha banda unha falla de previsión, porque que esta infraestrutura se estaba construíndo era sabido e que tiña que entrar en funcionamento tamén, igualmente que a xestión sería complexa ao haber tres concellos implicados, e ven tamén opacidade neste asunto ao non permitir entrar á oposición na comisión de seguimento dese convenio, e iso que se modificou hai uns meses para permitir a entrada na mesma dun concelleiro do Punxín, dado que en Punxín non hai maioría e seguramente esa foi a peaxe a pagar para que se aprobase este convenio. Di que tamén teñen serias dúbidas en canto á certeza dos datos que se manexan nese convenio previo, tanto nos custes, sobrecustos, mellor dito, como nas cantidades a bombear. Por iso, e en consonancia co que votaron o concelleiros socialistas neses concellos, van votar en contra.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, di que efectivamente existe unha comisión de seguimento do outro convenio, na que inicialmente estaban representados

Serie A N.º 2789674

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

os concellos a través dos seus alcaldes, e logo se modificou para dar entrada a dous representantes, e por iso está a oposición de Punxín presente nesa comisión. Ao abeiro daquel convenio se prestou unha asistencia técnica para a posta en marcha da infraestrutura, e estase a tratar de dar solución a tódolos problemas que había, e entre eles estaba tema da concesión demanial, no que se entendeu que a mellor solución era que esa concesión se pedise a nome da Deputación, xa que as alternativas eran que a pedise un dos tres concellos ou que estes constituísen unha mancomunidade ou un consorcio para o efecto, e considerouse que o máis rápido e sinxelo era delegar na Deputación para tramitar esa concesión, que é ao que se refire a proposta de acordo, e non se fala de nada máis. Outra cousa será o que se vaia tratando na comisión sobre como será a xestión da infraestrutura. Pode entender que o Grupo Socialista vote en contra desta proposta por coherencia coas posicións dos grupos municipais socialistas neses concellos, pero lembra tamén que no recente debate sobre o estado da provincia aprobouse unha proposta de resolución proposta polo Grupo Socialista, a nº 9 das súas propostas, na que se pedía respecto da xestión do ciclo da auga impulsar a creación de redes entre os concellos limítrofes que garantan a boa xestión dos recursos hídricos compartidos e procuren a eficiencia económica e o aproveitamento sustentable das infraestruturas, e isto precisamente é o que se está a facer con ese convenio que se criticou.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, di que en Punxín o PP non ten maioría absoluta e necesita para gobernar o apoio do grupo municipal de Cambio Intelixente, e por iso hai un concelleiro de Cambio Intelixente na comisión, e por iso o seu grupo a esta modificación do convenio púxolle o nome dese concelleiro. Pregúntase cal é o inconveniente para que, se se introduce un segundo membro na comisión, este sexa dun grupo da oposición, porque en Punxín estará ese señor, pro non outros concellos, Cenlle e San Amaro, non hai ningún representante da oposición na comisión, e non entende por que se impide á oposición estar se non hai nada que ocultar. Polo demais, di que eles por rede de concellos entenden outra cousa, e non isto, porque isto – en referencia ao convenio do que se está a falar – é un convenio de asistencia que máis que unha rede é un trágala, e por iso non queren votar a favor deste acordo.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, di que o imos votar non é un convenio, é simplemente a delegación na Deputación para tramitar a concesión

Serie A N.º 2789675

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

demanial, e do que fala o portavoz do Grupo Socialista é dun convenio de asistencia técnica que é previo.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 5.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia na Deputación Provincial de Ourense acordada polos concellos de Cenlle (acordo plenario do 21-10-2016), Punxín (acordo plenario do 28-10-2016) e San Amaro (acordo plenario do 10-11-2016) para solicitar e obter a oportuna concesión demanial do aproveitamento das augas do río Miño para o abastecemento da poboación do municipio de Cenlle conxuntamente co da poboación dos municipios de Punxín e San Amaro.

Ao abeiro desta delegación, a Deputación solicitará a dita concesión, asumindo ante o organismo de conca os dereitos e obrigas inherentes á condición de concesionario. A presente delegación non supón transferencia da titularidade da competencia para a ordenación e xestión do servizo de abastecemento, que continúa sendo municipal, limitándose ó exercicio das facultades necesarias para a obtención da concesión e a realización dos actos que corresponden ó concesionario.

A presente delegación terá carácter indefinido.

2º.- Publicar no BOP esta delegación, para xeral coñecemento.

6º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA ECONÓMICA, TÉCNICA E XURÍDICA AOS CONCELLOS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2017.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que a posición do seu grupo, xa explicada en anos precedentes, é contraria á normativa do programa no

Serie A N.º 2789676

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

que ten que ver coa súa división territorial, e por iso xa o ano pasado reclamaron que se introduxese unha modificación das mesmas en virtude do establecido no Decreto 1999/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Di que a lexislación actual impide a constitución de novas mancomunidades de concellos, o que na práctica impide ás entidades locais de menos de 5.000 habitantes o acceso ás subvencións de equipos multidisciplinares de traballadores para a xestión dos servizos sociais. Este feito para o seu grupo está moi lonxe da idea de facilitar a calidade e cobertura equilibrada de servizos en todo o territorio, e de xeito sobranceiro nas áreas rurais e nas áreas rurais de alta dispersión, das que esta provincia ten abondo. Por iso, dende o BNG, pediron a través dunha emenda que se modifiquen as base de xeito que se permita a formación de UTES de distintos concellos se estes son de menos de 5.000 habitantes e polo tanto non poden acceder de forma individualizada á contratación do persoal axeitado. Entende que con esta modificación se salvaría o escollo que supón o feito de non poder crear estas novas mancomunidades para acceso a estes servizos, e eliminaría un agravio para aqueles concellos con menos poboación.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que efectivamente as normas que regulan esta materia non deben estar moi ben feitas cando os concellos de menos de 5.000 habitantes non poden ter acceso a estes servizos, tal e como dicía o voceiro do BNG e como expuxo na comisión o Grupo Socialista. Isto lémbrale unha frase dun libro célebre, no que se dicía que ao que ten moito se lle dará, e ao que ten pouco aínda iso lle será quitado. Díxose na comisión que estes concellos o que tiñan que facer era mancomunarse ou agruparse, pero iso cae fóra das mans dun concello, porque para poder mancomunarse ou agruparse terán que estar de acordo os outros concellos. Polo tanto, habería que cambiar esta normativa para evitar esta discriminación de que o que menos ten aínda por riba non teña acceso a estas subvencións. Doutra banda, consideran que os cartos destinados son escasos, porque isto é unha necesidade básica da poboación e habería que destinar bastantes máis cartos a esta finalidade.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo parte da idea de que os servizos sociais comunitarios básicos deben estar en mans dos concellos, e con financiación suficiente, sen ter que andar á esmola do que lles dan outras administracións. Ademais, hoxe atopámonos cun verdadeiro galimatías á hora de

Serie A N.º 2789677

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

xustificar as subvencións, porque hai que xustificar por dous vías diferentes, Xunta e Deputación, con requisitos e trámites distintos e con distintas aplicacións, o que ocupa moito tempo de traballo dos traballadores sociais, dedicándoos a funcións burocráticas e impedíndolles realizar o seu traballo de intervención social. Mentres isto non se reforme, o que vemos é que as cantidades que se dotan son insuficientes, tal e como nos trasladan os concellos, porque somos unha provincia con moita poboación xubilada ou dependente, pero que aínda non entrou no sistema de axudas á dependencia, o que esixe facer un esforzo, que están a realizar os concellos e as cantidades aquí previstas algo axudan, pero pouco, a esas necesidades. Di que probablemente formularán alegacións a este plan, no relativo á acción I, no tema da contratación do técnico diferente ao traballador social, porque cren que o requisito para a subvención non debe ser a titulación, senón a ocupación, dado que os traballadores sociais están capacitados para facer outras funcións, como as de educación familiar, e iso está a supoñerlles aos concellos atrancos polas reclamacións do colexio de traballadores sociais. Pero a razón fundamental pola que votamos en contra é porque consideran discriminatoria a regulación da acción I para os concellos de menos de 5.000 habitantes, e hai moitos nesta provincia, como os da comarca de Valdeorras, os da Baixa Limia ou os da súa comarca, a de O Carballiño, quédanse sen os necesarios programas de intervención social ou de educación social. Xa o manifestaron o ano pasado con estas bases, e de feito votaron en contra, e o manifestaron xa hai uns meses na comisión pertinente para que houbo a correspondente previsión desta circunstancia, e houbo alegacións o ano pasado de concellos neste senso, e esa razón, o ser discriminatorio co rural, é o que nos impide votar a favor deste programa.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, quere facer dous apuntes antes de pasar ao asunto da orde do día. Dille ao Sr. Fraga Civeira que, ao marxe de xestos lexítimos, chamémoslle así, e máis ou menos oportunistas, o Grupo Popular estaba e seguirá estando nesa loita constante contra esa lacra que ten esta sociedade, que é a violencia de xénero. E logo tamén quere dicir que lle sorprendeu o Sr. Ojea Bouzo, que hoxe nos trouxo unha proposta de plan de prevención de incendios que cualifica de volta á fouce – rozadoira e á gadaña, cousa que como chiste hai que recoñecer que está ben, aínda que na súa comarca (a Baixa Limia) ou en Valdeorras habería que pór lle algo máis, dadas as pendentas que existen nas marxes dalgunha vía de comunicación, que esixirían rozalas

Serie A N.º 2789678

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

colgados en cordas, pero seguro que o Sr. Ojea Bouzo nos fará un plan máis concreto e con eses medios. Entrando no punto da orde do día, di que unha vez máis estamos a falar de eficacia, celeridade e eficiencia administrativa do grupo de goberno e, como non, do persoal desta administración, porque cando a meirande parte das administracións locais e doutras administracións públicas aínda non contan con orzamentos para o vindeiro ano 2017, esta Deputación está a poñer en marcha, porque se fixeron os deberes con tempo, actuacións previstas nos orzamentos, por certo, as que nos permite a normativa vixente. É dicir: unha vez aprobados definitivamente os orzamentos de 2017, pretendemos iniciar o exercicio económico con tódolos programas e plans de cooperación cos concellos e con outras entidades ou colectivos sociais aprobados e postos en marcha, de tal xeito que todas esas entidades ou colectivos poidan programar as súas actuacións para o vindeiro 2017 coa máxima antelación posible. Polo tanto, e ao igual que en exercicios anteriores, no marco da acción de cooperación coas entidades locais, que é a finalidade principal desta Deputación, o grupo de goberno presenta o Programa Benourense 2017, unha vez escoitados os técnicos da Área de Benestar, que son os que máis saben disto, coa necesaria asistencia técnica da Secretaría Xeral desa casa. E con respecto ás bases do programa, quere explicar algunhas modificacións que conteñen respecto das do ano 2016. Evidentemente, as bases se adaptan xa á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que como saben entrou en vigor hai algo máis dun mes, e sinala que tamén recollen nas contías das subvencións da Acción I a modificación das contías previstas para os módulos económicos de cofinanciamento para recursos humanos previstos previsto para as unidades UTES e UNIS, segundo a definición do Decreto 99/2012, cuxo perfil profesional se define no Decreto, e sexa diferente ao de traballador social. Di que o módulo económico previsto no programa se adapta así ao previsto na Orde de 13 de xullo de 2016, de incremento dos mesmos, onde se pasa de 15.031 euros a 18.043, e de 16.812 a 20.225, respectivamente (segundo se trate de persoal do subgrupo A2 ou A1) sen que este incremento vaia en detrimento da contía económica destinada ao servizo de axuda no fogar de carácter básico, é dicir, a acción II das bases. Tamén se redefinen as obrigas das accións beneficiarias da subvención de publicitar debidamente o cofinanciamento da Deputación de Ourense, no afán de promover e facer visibles as actuacións, dando a coñecer ao cidadán que os servizos e programas de que se beneficia son froito da colaboración entre

Serie A N.º 2789679

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

administracións, evitando que se esconda o financiamento como fan algúns concellos concretos, e podería citar algún, que fan a foto do carteliño para mandar e logo agochan o cartel, non vaia ser que se vexa que a Deputación financia determinadas actuacións. Establécese unha penalización para as entidades que logo de non presentar a documentación xustificativa das subvencións nos prazos establecidos, finalmente xustifican a subvención ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, durante a tramitación do expediente de declaración de perda do dereito á subvención. Remata dicindo que tendo en conta as modificacións propostas, e dado que as disponibilidades orzamentarias para 2017 ascenden a 1 millón de euros, resulta preciso incrementar a partida en 32.200 euros para atender o incremento dos módulos económicos aos que fixo referencia sen minorar a contía destinada á acción II. Engade, en referencia ao Sr. Fraga Civeira e ao Sr. Ojea Bouzo, que non sabe se o Sr. Presidente lles encomendará a elaboración dos orzamentos para o ano 2018, pero como empecen de gastos para ingresos ve difícil que os poidan cadrar.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que hai un exceso de burocracia que se traduce nunha queima de recursos, de tempo e diñeiro, e o seu grupo cre que esa burocracia é excesiva e semella que a súa finalidade é darlle á Deputación un control máis alá do que lle corresponde, como por exemplo que o concello teña que comunicar á Deputación se está recibindo outras subvencións polo mesmo concepto, e non entende a conta de que ven esixir esa información. Dirixíndose ao Sr. Álvarez Dobaño dille que sería estupendo que DO puidese facer os orzamentos do ano 2018, e cren que serían capaces de incrementar a partida deste programa, simplemente quitando cartos de cousas que estiman innecesarias e de gastos suntuosos ou faraónicos.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, di que si houbo celeridade e eficiencia á hora de sacar estas bases, o que pasa é que teñen que servir de algo máis, porque a potencia sen control de pouco serve. Pide que ademais de escoitar aos técnicos que son os que máis saben, se escoitase aos alcaldes e alcaldesas e aos concelleiros de servizos sociais, e escoitase tamén a problemática que viven día a día nos concellos, e o Sr. Álvarez Dobaño é alcalde e seguramente o saiba do seu, pero cre que deben preguntar máis, sobre todo aos alcaldes da zona de Valdeorras, que non poden prestar os servizos aos seus veciños cando noutros sitios si os teñen, e iso é discriminatorio,

Serie A N.º 2789680

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

sobre todo para o rural. No que respecta aos orzamentos, di que é unha cuestión política, e que para o ano que ven o seu grupo fará propostas ao respecto e dirán como, sen incrementar os ingresos, se poden obter recursos para dedicarlle máis aos servizos sociais comunitarios tan necesarios no rural.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que as posicións están claras, cada un ten o seu guión, como nunha obra de teatro. Dille ao Sr. Rodríguez Suárez que todas as propostas están ben, pero os recursos, ao marxe do que din o Sr. Fraga e o Sr. Ojea, e cando se aprobaron os orzamentos a achega do BNG foi unha emenda á totalidade da que cre que o propio portavoz do BNG se avergoñaba, e o Grupo Socialista non trouxo ningunha, e non lembra que fixeran ningunha proposta nin sobre este programa nin sobre o que se trata no seguinte punto da orde do día, e engade que a oposición sempre ten un discurso totalmente distinto cando goberna con respecto ao que ten cando está na oposición, e di que ten posto exemplos disto e pide que non lle obriguen a poñer exemplos agora que o Sr. Fraga Civeira está estreando o cargo de portavoz, porque é un discurso bipolar, onde non goberno son unha cousa e onde goberno son outra, e cre que hai que poñerlle algo de freo á demagogia. Dille ao Sr. Ojea que os concellos están atendidos todos, sempre, ben por técnicos contratados nesas unidades de xestión ou ben por técnicos da Área de Benestar da Deputación, e isto vai tamén para os de Valdeorras, e di que non quere entrar en consideracións sobre se ao mellor algún alcalde o que quere é contratar a unha persoa determinada, e pide que o deixemos aí, que el xa é veterano de guerra. Dille ao Sr. Ojea Bouzo que hoxe ven moi orixinal, e hai que recoñecerlle a orixinalidade, pero acabou sendo incluso insumiso, porque agora tamén nos propón que incumpramos a Lei de Subvencións, e di que se algún día goberna nalgún sitio con estas ideas, como din no seu pobo, que Deus nos colla confesados. Dille ao Sr. Fraga Civeira que non ve a discriminación da que fala por ningures, as normas son as normas, as bases son as bases, e escoitouse aos alcaldes, porque o Sr. Presidente escoita a todos os que o queren visitar, e os técnicos ao final son os que máis saben de todo isto, e o Sr. Fraga o sabe porque foi alcalde, por máis que despois nós lle teñamos que poñer o tinte político, evidentemente, pero ten que entender que non é un capricho que as bases sexan como son, porque os criterios son totalmente obxectivos.

Serie A N.º 2789681

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 6.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras Programa Provincial BenOurense de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2017, co seguinte contido:

I) Bases xerais:**A) Obxecto e alcance do programa:**

Constitúe o obxecto do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2017 o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa estrutúrase en tres accións:

1ª) Acción 1: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.

Serie A N.º 2789682

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

2ª) Acción 2: asistencia económica co obxecto de garantir o financiamento do servizo de axuda no fogar básico aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes.

3ª) Acción 3: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es>.

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde, presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma antes do 30 de xaneiro de 2017. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

Serie A N.º 2789683

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarían o importe do cofinanciamento destinado ao servizo de axuda no fogar das entidades adheridas, distribuíndose o remanente entre estas últimas conforme o criterio establecido na regra de distribución da base III.

Coa adhesión os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> tanto no programa de servizo de axuda no fogar (SAF), como no programa para a contratación de técnicos.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ó cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 70 % do importe máximo total de subvención previsto:

Antes do 1 de marzo , a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe máximo de subvención total previsto a cada concello. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

Serie A N.º 2789684

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016**D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o servizo de axuda no fogar:**

A xustificación da subvención realizarase do xeito previsto na base III.3

D.3) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

E) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2017 e 2018. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro

Serie A N.º 2789685

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En toda Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

F) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

- 1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- 2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías no que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:**II.1 Obxecto:**

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais das

Serie A N.º 2789686

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

entidades locais que, segundo o previsto no Anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS)

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais.

Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2017. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de **7 meses no exercicio 2017 e en xornada superior ás 20 horas semanais**. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

Os profesionais contratados/adscritos deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado do secretario municipal no que conste que o profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo:

a) Entidades locais de áreas rurais de 5000 ata 12000 habitantes: 1 técnico equivalente a un Grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

Serie A N.º 2789687

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes: 1 técnico igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/a traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade e 1 técnico igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente ao módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento modificados por Orde de 13 de xullo de 2016 (D.O.G número 140 de 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a Grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.812,00 euros.

- Por cada Técnico Grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

A xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez realizado o(s) contrato(s) ou nomeamento(s) do(s) técnico/a(s), o concello ou mancomunidade terá que introducir no sistema de xestión telemática os datos referidos a este contrato ou nomeamento, especificando categoría profesional, xornada de traballo, nome, apelidos e NIF, e o custo laboral previsto para estas persoas desagregando a retribución bruta e o custo de seguridade social con cargo á entidade local.

No suposto en que a entidade local xa dispuxese do persoal técnico obxecto de subvención con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017, farase constar esta circunstancia, considerándose que o persoal está contratado ou nomeado con data de 1 de xaneiro, para os efectos da xustificación da subvención.

Para a carga dos datos no sistema deberá utilizarse o modelo definido pola Deputación e que será descargado da propia plataforma informática. O sistema permitirá xerar a certificación final, que deberá remitirse telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2018, xunto cunha memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados segundo o modelo que figure na plataforma.

Serie A N.º 2789688

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

A recepción da certificación e a memoria equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 30 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha vixencia inferior ao semestre natural ao que se refire, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático, quedando aberta a posibilidade de xustificar o resto da subvención aprobada dentro da Acción I cós gastos da Acción II correspondente o mesmo exercicio e para que se terán en conta o procedemento descrito no base III.

d) O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 31 de xaneiro de 2018, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2018. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido. Aquelas entidades que non presenten a xustificación no prazo previsto, sexa este o xeral previsto nestas bases ou excepcional outorgado tras unha petición razoada, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, durante a tramitación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención.

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia económica para o Servizo de Axuda no Fogar Básico.**III.1. Obxecto:**

En virtude desta acción, a Deputación Provincial subvencionará a prestación no exercicio 2017 do servizo de axuda no fogar básico polos concellos ou mancomunidades de menos de 20.000 habitantes, tanto nos supostos en que sexa prestado por xestión directa como por xestión indirecta.

Considérase SAF básico para os efectos de esta liña de subvención, aquel cuxos usuarios accedan ao servizo en réxime de libre concorrencia. Considerarase tamén como usuarios en réxime de libre concorrencia ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes en tanto o seu programa de atención individualizada non goce de efectividade.

Serie A N.º 2789689

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016**III.2 Contía da subvención.**

O importe da subvención por entidade local determínase pola aplicación da ratio de cobertura por habitante recollida no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte cadro:

Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o servizo de axuda no fogar sexa prestado por mancomunidades a contía será o resultado de sumalas cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo II do presente Programa.

2) A contía máxima inicial, determinada conforme á regra 1) anterior queda, en todo caso, condicionada a que o seu importe non exceda do 100 % do custo neto do servizo básico de axuda no fogar (SAF básico), que se determinará conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

Serie A N.º 2789690

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básica e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

Obtido o custo bruto do SAF básico, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo neto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adxudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

A determinación do custo neto do SAF básico realizarase a través da plataforma informática, mediante a xeración da certificación correspondente, conforme co establecido no apartado seguinte.

III.3. Xustificación e pagamento.

A xustificación da subvención realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impedisese a súa introdución en prazo. Neste supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A Presidencia resolverá de modo

Serie A N.º 2789691

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

motivado estas solicitudes, podendo habilitar ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

c) O sistema automatizará a emisión da certificación final sempre que se teñan cumprimentados os datos conforme o procedemento descrito anteriormente. Esta certificación remitirase telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2018,

No caso de que o custo do servizo sexa inferior o importe da subvención concedida dentro da Acción II, o remanente que resulte poderá ser repartido entre as entidades beneficiarias desta Acción II conforme as regras de distribución prevista na base III.2

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, durante a tramitación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención.

IV. Bases relativas á Acción 3: Asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

Serie A N.º 2789692

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

ANEXO I

Entid. Local Prestadora SSCM	U. Téc.	Área	Grupo A.Subgrup o A2	Módulo Económico	Grupo A Subg A2.	Módulo Económico	Total Entida
Allariz	UTES	RURAL 28	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Barbadás	SEMIUR BANO	SEMIU RB. 9	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	RURAL 31	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Carballiño, O	UNIS	RURAL 25	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Manc. de Verín	UTES	RURAL 30	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. do Carballiño	UTES	RURAL 25	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. do Ribeiro	UTES	RURAL 26	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. Santa Águeda	UTES	RURAL 24	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Manc. Terras de Celanova	UNIS	RURAL 27	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	RURAL 24	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €

Serie A N.º 2789693

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Ribadavia	UTES	RURAL 26	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €
Verín	UNIS	RURAL 30	1,0	16.812,00 €	1,0	20.229,00 €	37.041,00 €
Xinzo de Limia	UTES	RURAL 29	1,0	16.812,00 €			16.812,00 €

ANEXO II

	CONCELLO	ASIGNACIÓN 2017 (€)
1	Allariz	19.311,12
2	Amoeiro	7.167,05
3	Arnoia, A	3.320,15
4	Avión	6.263,58
5	Baltar	3.198,83
6	Bande	12.924,09
7	Baños de Molgas	5.293,08
8	Barbadás	16.701,29
9	Barco de Valdeorras, O	42.298,34
10	Beade	1.439,79
11	Beariz	3.243,53
12	Blancos, Os	2.802,97
13	Boborás	8.013,04
14	Bola, A	4.274,69

Serie A N.º 2789694

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

15	Bolo, O	3.154,14
16	Calvos de Randín	2.943,44
17	Carballeda de Avia	4.469,43
18	Carballeda de Valdeorras	5.420,78
19	Carballiño, O	42.776,57
20	Cartelle	9.104,86
21	Castrelo de Miño	4.967,45
22	Castrelo do Val	3.444,65
23	Castro Caldelas	10.063,66
24	Celanova	17.673,39
25	Cenlle	3.795,82
26	Chandrexa de Queixa	3.933,10
27	Coles	10.113,67
28	Cortegada	3.779,86
29	Cualedro	5.874,10
30	Entrimo	9.318,76
31	Esgos	3.894,79
32	Gomesende	2.646,54
33	Gudiña, A	10.369,07
34	Irixo, O	5.107,92
35	Larouco	1.679,23
36	Laza	4.546,05
37	Leiro	5.203,69

Serie A N.º 2789695

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

38	Lobeira	6.056,07
39	Lobios	14.808,70
40	Maceda	9.440,07
41	Manzaneda	7.262,82
42	Maside	9.191,06
43	Melón	4.127,84
44	Merca, A	6.451,94
45	Mezquita, A	8.260,99
46	Montederramo	6.011,38
47	Monterrei	8.804,77
48	Muíños	12.082,35
49	Nogueira de Ramuín	6.780,76
50	Oímbra	6.448,74
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	4.743,98
53	Padrenda	6.103,96
54	Parada de Sil	4.506,67
55	Pereiro de Aguiar	20.173,08
56	Peroxa, A	6.506,21
57	Petín	3.042,40
58	Piñor	3.933,10
59	Pobra de Trives, A	16.723,11
60	Pontedeva	1.915,47
61	Porqueira	2.876,40

Serie A N.º 2789696

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

62	Punxín	2.426,26
63	Quintela de Leirado	2.008,05
64	Rairiz de Veiga	4.565,20
65	Ramirás	5.130,26
66	Ribadavia	16.319,79
67	Riós	5.372,89
68	Rúa, A	14.669,30
69	Rubiá	4.702,48
70	San Amaro	3.735,16
71	San Cibrao das Viñas	8.038,58
72	San Cristovo de Cea	7.489,48
73	San Xoán de Río	4.469,43
74	Sandiás	4.172,53
75	Sarreaus	4.095,91
76	Taboadela	4.833,37
77	Teixeira, A	2.815,74
78	Toén	3.872,44
79	Trasmiras	4.501,35
80	Veiga, A	3.020,06
81	Verea	3.326,53
82	Verín	43.017,92
83	Viana do Bolo	22.622,75
84	Vilamarín	6.467,90
85	Vilamartín de	5.740,02

Serie A N.º 2789697

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

	Valdeorras	
86	Vilar de Barrio	4.645,01
87	Vilar de Santos	2.854,05
88	Vilardevós	6.927,61
89	Vilariño de Conso	4.581,16
90	Xinzo de Limia	32.061,75
91	Xunqueira de Ambía	4.782,29
92	Xunqueira de Espadanedo	2.611,42
	TOTAL OURENSE	732.661,08

2º.- A aprobación do presente programa queda condicionada, no relativo ao incremento das subvencións da Acción I, á aprobación da oportuna modificación orzamentaria para a dotación do dito incremento. En caso de que a dita modificación orzamentaria non se chegase a aprobar, as contías das subvencións da Acción I serán as previstas no Programa BenOurense 2016.

3º.- Someter a información pública, mediante anuncio inserido no BOP, as bases inicialmente aprobadas, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, polo prazo de 10 días hábiles. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. En caso de que non se formulen alegacións entenderase elevado a definitivo o acordo da aprobación provisional.

7º.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO DO PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DEPENDENTES DE CORPORACIONES LOCAIS PARA O EXERCICIO 2017

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

Serie A N.º 2789698

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que non sabe de onde puido sacar a impresión de que a el lle puidese causar vergoña a emenda que presentou á totalidade dos orzamentos, e dende logo non é así, xa o aclara para que non recorra a ese argumento no futuro, todo o contrario, era unha emenda que sentaba as bases para xestionar esta deputación dun xeito totalmente diferente, outra cousa é que ao Grupo Popular non lle gustara esa emenda e que teñan outro plan para distribuír os cartos dos cidadáns de Ourense dun xeito totalmente diferente e oposto ao que faría o BNG se estivesen no seu lugar. En canto ao punto da orde de día que nos ocupa, di que xa se teñen pronunciado ao respecto en canto a que estamos diante dunha competencia impropia da deputación, e que este tipo de achegas deben prestarse pola Xunta de Galicia. Aínda así, poderían compartir o feito de que o desleixo do Goberno galego, nesta e noutras cuestións, fose paliada pola Deputación colaborando neste tipo de servizos. Co que si están totalmente en desacordo e rexeitan é que con diñeiro público se financien servizos tal e como se regula nestas bases, independentemente de cal sexa o seu modelo de xestión, polo que anuncia o seu voto en contra.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que á marxe de que estes servizos terían probablemente que ser prestados pola Xunta, en todo caso ten máis sentido que a Deputación achegue recursos para este tipo de fins que para outros conceptos que si que non teñen ningunha xustificación. Di que son axudas destinadas aos colectivos máis desfavorecidos, por un lado os rapaces pequenos, que poidan ter un lugar onde sexan atendidos en canto os pais traballan, e por outro lado pois as persoas maiores. Ao igual que no caso do programa tratado no anterior punto da orde do día, a burocracia parécelles excesiva, e os cartos semellan escasos, ao ser só 100.000 euros, dos que 80.000 se reparten por igual entre todas as entidades que se adhiran; a burocracia esixida polo trámite de adhesión parécelle un pouco engorrosa e consumirá os recursos dos concellos pequenos, e cre tamén que a Deputación somete a un excesivo control aos concellos, dun xeito paternalista e inxustificado, como se fosen menores de idade. Anuncia a súa abstención, ao igual que no caso anterior.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto a favor do seu grupo, como se veu facendo nos últimos anos, porque cren neste tipo de

Serie A N.º 2789699

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

liñas de axuda, se ben considera que se debería ter incrementado a cantidade achegada ao programa, e non axustala aos 200.000 euros do ano pasado. Cre que os servizos de atención a infancia axudan a loitar contra a despoboación que sofre o rural nesta provincia, e este programa garante uns servizos que son necesarios no noso rural. De feito, o ano pasado se acolleron a el vinte e seis concellos, que sen este tipo de axuda terían complicado ofertar estes servizos. Di que, sen prexuízo do anterior, dende o seu grupo van seguir reclamando un maior investimento en plans de emprego e servizos sociais, tan escasos como necesarios nesta provincia.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que as bases seguen a mesma liña de exercicios anteriores e para elaboralas contouse novamente cos técnicos da Área de Benestar e coas asesoría da Secretaría Xeral. Destaca as modificacións introducidas con respecto ao mesmo programa de 2016, e así as bases se adaptan á Lei 39/2015, por imperativo legal, agás cando gobernen o Sr. Ojea e compañía, que seremos insubmisos todos e faremos o que nos dea a gana. Di tamén que se recolle unha modificación das contías previstas para os puntos de atención á primeira infancia, os PAI, e para os servizos complementarios, moi importantes nalgúns concellos, que son servizos de conciliación extra – escolar, dada a dificultade que teñen moitos pais para conciliar a vida familiar e a laboral, coa finalidade de que cada un dos programas reciba o 50 % do orzamento global previsto. Di que en anos anteriores o reparto era do 70 % e o 30 % entre os PAI e os servizos complementarios, pero dado que os PAI reciben financiamento da Xunta de Galicia, esta minoración do orzamento global a eles destinado non implica menoscabo da súa viabilidade, sendo preferible un incremento substantivo do financiamento dos servizos complementarios, sendo o deste programa o único financiamento que reciben en case todos os concellos. Se establece un sistema de reparto económico para os servizos complementarios, no que o 70 % do orzamento se reparten horizontalmente entre os concellos que cumpran os requisitos, garantindo un mínimo de subvención a tódalas entidades beneficiarias para que poidan asumir o conxunto de gastos que xera o servizo, e o 30 % restante se distribúe en atención ao número de prazas ocupadas. Se redefine tamén a obriga de publicitar a colaboración entre administracións, para que algún concello non se avergoñe de que a Deputación colabore en algo que se cualificou aquí como unha competencia impropia, pero aquí estamos para cooperar e saír en

Serie A N.º 2789700

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

auxilio dos concellos con máis dificultades económicas. Neste senso, e no afán de axudar aos pequenos concellos con menor poboación infantil, o seu grupo propón unha emenda, que cre que está a disposición dos demais grupos, suprimindo no apartado I das bases xerais a esixencia de cubrir un mínimo de dez prazas no exercicio 2017.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que se o criterio é tan obxectivo e tan estudado, non entende por que no caso dos PAI o reparto horizontal é de 80.000 euros e nos servizos complementarios é de 70.000, e pregúntase por que non é igual nos dous casos, se hai algunha razón obxectiva ou so uns números arbitrarios. Di que non se trata de ser insumisos, pero cre que sen caer na insumisión e no antisistemismo as administración ten mecanismos para facer as cousas doutro xeito.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, convida ao Sr. Ojea Bouzo a pasar pola Área de Benestar, onde os técnicos lle poderán explicar que isto non é un capricho e está ben fundamentado, dentro das posibilidades orzamentarias que temos, que xa sabe que se os orzamentos os fixera o Sr. Ojea empezaría polos gastos, pero cando chegase aos ingresos vai *problemón* que ía ter. Di que semella que para o Sr. Ojea vale todo, e espera que cando gobernen se *cepillen* a ese organismo tan duro que é a Oficina Europea de Loita contra o Fraude (OLAF) e así poidamos facer todos o que nos dea a gana. Pídelle ao Sr. Rodríguez Suárez que entenda o sentido coloquial e figurado no que dixo que cría que lle dera vergoña a emenda á totalidade do orzamento que presentou. De tódolos xeitos, está completamente seguro de que o Sr. Rodríguez Suárez e os seus asesores, cando elaboraron esa emenda, sabían que era totalmente inviable, aínda que entende que a postura da oposición moitas veces ten que ser máis de ocorrencias que de propostas ben fundamentadas. Resumindo, este é un plan de auxilio aos concellos en competencias que non son desta deputación, pero que os concellos pequenos, no ánimo de frear a despoboación, está a prestar, e nese camiño está o Grupo Popular e o Sr. Presidente

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7.](#)

Serie A N.º 2789701

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras da convocatoria do concurso público do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para puntos de atención á primeira infancia e servizos complementarios dependentes de corporacións locais para o exercicio 2017, co seguinte contido:

I.- Bases Xerais.**A) Obxecto da subvención:**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI)”, e/ou dos “Servizos Complementarios”.

O presente programa contempla dúas accións:

1º) Acción I: Punto de Atención á Infancia (PAI).

Ós efectos das presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio ós pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se atopan regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo.

Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

2º) Acción II: Servizos Complementarios Municipais.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como **servizo complementario**, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fora da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuindo á conciliación da vida laboral e familiar.

B) Beneficiarios.

Poderán obter subvención, os seguintes:

Serie A N.º 2789702

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

1. Acción I .- Os PAIs daqueles concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense non xestionados polo Consorcio galego de benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

2. Acción II.- As corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén un centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionada de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e un sistema regulado de cobertura destas prazas .
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante nove meses ó ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/mais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

Quedan expresamente excluídos de esta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

C).- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitárase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante Resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que

Serie A N.º 2789703

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es/pai/index.php>

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde, presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma antes do día 15 de xaneiro de 2017. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no programa, causando baixa nas previsións. Neste suposto, os remanente de cofinanciamento previsto para cada Acción que non fose utilizado, incrementará o importe do cofinanciamento destinado a cada unha das Accións obxecto de subvención, distribuíndose o remanente entre as entidades adheridas conforme os criterios establecidos nas regras de distribución das base II e III respectivamente.

D) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Serie A N.º 2789704

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

E) Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

E 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada Concello.

Antes do 30 de marzo de 2017, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

E. 2) Xustificación e Pagamento final.

Ata o día 15 de decembro de 2017 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar unha certificación de xustificación do Programa Subvencionado e os gastos dela derivados da forma telemática e asinada dixitalmente segundo os formularios que lle indique a Area de Benestar da Deputación a través da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 15 de decembro de 2017 e poderase conceder sempre que se aprecie causa xustificada, como máximo ata o 15 de xaneiro de 2018. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

As entidades locais deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2017, facendo uso dos formularios normalizados que se deberán obter, cubrir, validar e imprimir dende a plataforma <http://benourense.depourense.es>. Os formularios conteñen:

- Memoria da execución do proxecto subvencionado.
- Relación de documentos xustificativos dos gastos devindicados. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que

Serie A N.º 2789705

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

conste nelas o CIF do destinatario/a.

- Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ó proxecto.
- Declaración responsable do conxunto de tódalas subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluí-los referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2017, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como máximo, ata o día 15 de decembro de 2017 (inclusive). O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable. No caso daquelas entidades que imputen á subvención gastos de seguridade social do persoal contratado para desenvolver o proxecto admitirase ata o día 15 de xaneiro de 2018 (este día incluído) a documentación probatoria do abono de cotas á seguridade social.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

E.3) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

E.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será

Serie A N.º 2789706

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose co anticipo librado, de ser o caso.

F) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2017 e 2018. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

G) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles

Serie A N.º 2789707

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías no que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Puntos de Atención á Infancia (PAI).**II.1 Obxecto**

En virtude desta actuación a Deputación Provincial subvencionará o funcionamento do Puntos de Atención á Infancia (PAI) situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar atención de apoio ós pais, tutores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo.

A través deste Programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes os servizos prestados dentro do PAI/ derivados (alimentación, equipamentos de comedor etcétera) e gastos de mantemento do centro.

Para as subvencións concedidas nesta Acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 por importe de 100.000 € (cen mil euros).

Serie A N.º 2789708

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016**II. 2 Contía da subvención.**

O importe da subvención relaciónase da forma seguinte:

- a) Contía de tramo fixo, equivalente, o 80% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para poder acceder á subvención que percibirán un tramo económico fixo.

$80.000 \text{ €} / \text{núm. de PAIs que cumpren requisitos para subvención} = \text{Contía económica por PAI- Tramo fixo.}$

- b) Contía de tramo variable, equivalente o 20% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de prazas totais, cubertas polo conxunto de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para acceder á subvención, que percibirán a contía económica que resulte de multiplicar o resultado da división anterior polo número concreto de prazas cubertas en cada un dos PAIs, da forma seguinte:

$20.000 \text{ €} (20\% \text{ de } 100.000\text{€}) / \text{núm. Total de prazas cubertas polos PAIs} = \text{Contía Económica por praza.}$

$\text{Contía económica por praza} \times \text{núm. De prazas cubertas do PAI} = \text{contía económica total que percibirá cada PAI}$

III. Bases relativa á Acción II. Servizos municipais complementarios.**III. 1 Obxecto.**

En virtude desta acción, a Deputación subvencionará os gastos inherentes o funcionamento daqueles servizos de titularidade municipal que, en xornada diúrna, desenvolven funcións de apoio de atención e coidado fora da xornada ordinaria dos centros escolares e complementaria desta para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuindo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste Programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes os servizos prestados dentro do Servizo complementario (alimentación, equipamentos de comedor etcétera) e gastos de mantemento do centro, no caso de xestión indirecta do servizo ó importe da factura xerado ao concello pola empresa que desenvolve o servizo.

Serie A N.º 2789709

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Para as subvencións concedidas nesta Acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 por importe de 100.000 € (cen mil euros).

III.2. Contía da subvención.

- c) Contía de tramo fixo, equivalente, o 70% do orzamento total previsto para esta Acción II, dividirse entre o número de servizos complementarios que cumpran as condicións indicadas nestas bases para poder acceder á subvención que percibirán un tramo económico fixo.

$70.000 \text{ €} / \text{núm. De servizos complementarios que cumpren requisitos para subvención} = \text{Contía económica por servizo complementario- Tramo fixo.}$

- d) Contía de tramo variable, equivalente o 30% do orzamento total previsto para esta Acción II, dividirse entre o número de prazas totais, cubertas polo conxunto de servizos complementarios que cumpran as condicións indicadas nestas bases para acceder á subvención, que percibirán a contía económica que resulte de multiplicar o resultado da división anterior polo número concreto de prazas cubertas en cada un dos servizos complementarios, da forma seguinte:

$30.000 \text{ €} (30\% \text{ de } 100.000\text{€}) / \text{núm. Total de prazas cubertas polos servizos complementarios} = \text{Contía Económica por praza.}$

$\text{Contía económica por praza} \times \text{núm. de prazas cubertas do servizo complementario} = \text{contía económica total que percibirá cada servizo complementario}$

IV. Disponibilidades orzamentarias.

As subvencións obxecto da presente convocatoria intégranse na liña de acción do Programa Provincia de Asistencia aos concellos e Mancomunidades para a xestión de Puntos de Atención á Infancia, contemplada no apartado D.1, acción V, do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para os exercicios 2015-2019.

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017 por importe de 200.000 € (douscentos mil euros).

Serie A N.º 2789710

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

2º.- Someter a información pública, mediante anuncio inserido no BOP, as bases inicialmente aprobadas, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense durante o prazo de 10 días hábiles. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. En caso de que non se formulen alegacións entenderase elevado a definitivo o acordo da aprobación provisional.

8º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA, DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUENCIAS SOBRE AS MULLERES DA DESIGUALDADE ECONÓMICA.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentaron emendas o Grupo Popular e o Grupo Socialista e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, da lectura á moción, co seguinte texto:

“Visibilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un do retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro. Por iso, o feminismo e as políticas feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto siga exercitándose a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres. Porén, non é suficiente, temos que seguir avanzando na rúa e nas institucións e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visíbel do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é clave visibilizar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e tratos inadecuados no marco da sanidade até a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría dos traballos non asalariados consecuencia das situacións de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Serie A N.º 2789711

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de Vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da deputación a adopción dos seguintes acordos: primeiro, instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio; segundo, instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres; e terceiro, trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado”.

Concluída a lectura do texto da moción, o portavoz do Grupo do BNG continúa dicindo que algo falla cando case a metade das asasinadas o pasado ano tiñan orden de afastamento, o que indica que as medidas xudiciais e policiais que activa unha denuncia non son suficientes para garantir a vida das mulleres. En Galiza, ademais das 8 mulleres asasinadas, o pasado ano producíronse máis de 5.000 denuncias, a punta do iceberg porque sete de cada dez non presenta denuncia. Cre que hai que ser autocríticos e non caer na autocomplacencia, por iso debemos preguntarnos si estamos facendo o suficiente para

Serie A N.º 2789712

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

erradicar a violencia machista, e á vista dos datos é evidente que non, e por iso, esta ten que ser unha prioridade na axenda política. Conclúe afirmando que diante desta lacra que non cesa é absolutamente imprescindible un acordo galego contra a violencia machista que inclúa forzas políticas e colectivos sociais.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, anuncia o seu voto a favor desta moción. Di que na súa opinión o maltratador ou, no caso extremo, o asasino, é a punta de iceberg, a sublimación do que é a violencia estrutural social contra a muller, e o que fai o maltratador é destilar os miles de micro – agresións que moitas veces non se perciben por formar parte da propia contorna social, do mesmo xeito que o peixe non ve a auga na que vive. Di que non e fácil distinguir as múltiples maneiras en que a sociedade coacciona ás mulleres – tamén aos homes, pero noutro sentido – para actuar dunha determinada maneira, como é o caso que se cita na moción da chamada violencia estética, e o agresor acaba créndose superior e arrogándose o dereito a maltratar ou agredir física ou psicoloxicamente á muller. Cre que as administracións deben actuar máis alá das denuncias, porque cando unha muller se atreve a denuncia sabe Dios xa as que leva pasado, e denunciar non é tan doado, e a administración en moitos casos debería poder actuar de oficio. Di que existe aínda no inconsciente colectivo aquela instrución de que hai que soportar certas situacións, co que pode darse en moitos casos a situación de que a denuncia se produza cando xa a persoa afectada non ten nada que perder, e por iso cre que a administración debería ter os medios adecuados para poder defender ás mulleres sen necesidade de que elas teñan que asumir un conflito persoal tan grande. Di que cando se fala tanto dun problema é que algo hai, e ao mellor tiñamos que falar menos e actuar máis. Di que mentres haxa clubs de alterne nas estradas existirá a idea subconsciente de que o home é superior á muller, ou de que o ser humano por defecto é o home. Di que neste asunto ao mellor ás veces se está ramificando a loita por outros *derroteros* que non levan a nada práctico, malgastando esforzos en combater cousas como o uso da linguaxe segundo as normas da Real Academia Española, e hai que centrarse nas verdadeiras causas e coller o toro polos cornos, como o caso da existencia dos clubs de alterne nas estradas. Di que si existisen hoxe persoas coas *agallas* de Martin Luther King ou de Rosa Parks, aquela muller

Serie A N.º 2789713

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

que non se quixo levantar no autobús en Alabama, penso que se lle estaría metendo o citelo ao melón dos clubs de alterne nas estradas, por poñer un exemplo, e iso si que sería un elemento simbólico de loita contra a violencia machista.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista, di que este non parece ser o lugar máis axeitado para tratar un asunto como este, pero é a data establecida por Nacións Unidas dende 1999 como Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Non é o lugar polo feito de que o Sr. Presidente, por moito que hoxe leve unha gravata de cor laranxa, que foi a cor elixida por Ban Ki – moon para este ano, para conmemorar o Día contra Violencia de Xénero, porque o Sr. Presidente está a ser investigado por un delito que na lei autonómica contra a violencia de xénero está tipificado no artigo 3.e) como acoso sexual. Di que isto non é un tema persoal calquera, porque estamos a falar dun delito tipificado e relacionado con esta institución que preside, por ser fillo de quen é, e polo cargo público que ocupaba naqueles momentos, e isto é así por moito que o Sr. Baltar intente que a xuíza prescriba o delito. Non é doado explicar e facer comprender a violencia de xénero a quen supostamente a practica, e a xustiza decidirá. Como socialista e sobre todo como muller, como deputada, pídelle ao Sr. Presidente que abandone a sala no momento da votación. Continúa dicindo que tal e como recolle a declaración de Nacións Unidas, a violencia contra a muller é unha violencia contra os dereitos humanos, e é consecuencia da discriminación que sofre, tanto nas leis como na práctica, e da persistencia da desigualdade por razón de xénero; a violencia contra a muller afecta e impide o avance en moitas áreas, incluída a loita contra a pobreza, a erradicación de moitas enfermidades e incluso a paz e a seguridade. Di que a violencia contra as mulleres e as nenas se pode evitar, e que a prevención é posible e esencial, e que a violencia contra a muller segue a ser unha pandemia global que nun 70 % moitas mulleres sofren na súa vida. Lembra que foi un Goberno socialista, o de Zapatero, o que puxo en marcha unha Lei no 2004 (non no 2014, como por erro se indicou na intervención do voceiro do BNG), o 28 de decembro, lei que máis tarde ampliaron as comunidades autónomas, como a nosa de 2007, modificada precisamente o pasado ano para que tódalas vítimas soliciten axudas durante todo o ano. Di que as leis protexen, pero non sempre, e que os recursos non son suficientes, sobre todo en épocas de crise e con gobernos conservadores que non cren nin nos dereitos da muller nin na igualdade, e os recortes nas partidas dedicadas a esta materia dan boa conta disto, e a

Serie A N.º 2789714

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

situación é a que é: a partida estatal queda en 25,2 millóns de euros, moi lonxe dos 34 millóns de hai seis anos; e o programa específico para a igualdade entre homes e mulleres perdeu o 61 % dos fondos nunha década. Di ademais que o 33 % das ordes de afastamento pedidas en Galicia non son aceptada, e o resultado é que nos últimos doce anos morreron 793 mulleres, coa que faleceu onte. Di que a violencia machista é dura para as que a sofren 365 días ao ano e 34 horas ao día, sen tregua, sen estrato social nin condición – tipo algunha, contra un sexo – a muller – polo mero feito de ter nacido con esa condición. É certo que estamos ante a maior vergoña social que temos neste momento, o feito de que estean a morrer mulleres por mor da violencia das súas parellas polo mero feito de ser muller, debería avergoñarnos, non só como seres humanos senón tamén como sociedade. Sinala que as declaracións de intencións e os minutos de silencio sobre as mortes e sobre a violencia que cada día sofren miles de mulleres, non poden ser motivo de confrontación política, e tampouco unha mera estatística que recolla o número de denuncias, ordes de afastamento e mortes. Engade que ao carón de cada vítima están os danos colaterais, están os fillos, as familias, e tamén moita xente que sofre ao seu carón. Urxe, por tanto, mudar as leis, pero sobre todo avanzar e poñer recursos enriba da mesa. Urxe, por tanto, acadar un pacto de estado para acabar dunha vez por todas cunha forma de terrorismo machista sobre as mulleres pero tamén sobre os menores e as súas familias, un pacto que, aínda que mude o goberno, haxa que cumprir si ou si. Lembra que dende o PSOE teñen presentado unhas emendas de adición á moción, que pasa a explicar: en primeiro lugar, substituír o punto primeiro, polo seguinte teor literal: “trasladar e demandar a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión de estudo para a igualdade e o dereitos da muller, no marco da cal, co apoio de expertos xuristas, valoraríase a inclusión do termo “feminicidio” na Lei 11/2007, así como outras posibles modificacións legislativas”; en segundo lugar, e mantendo os puntos 2 e 3 da moción, engadir os puntos seguintes: “solicitar do goberno da Xunta e do goberno do Estado a dotación orzamentaria suficiente nos orzamentos de 2017 e seguintes para a prevención e asistencia social das vítimas da violencia de xénero, dependentes tanto das comunidades autónomas como dos servizos de proximidade dos concellos” e “instar ao Goberno de España a ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da Lei de 2004, para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixen as recomendacións

Serie A N.º 2789715

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

da CEDAW e tamén o convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia da muller e a violencia doméstica, asinada por España (o coñecido como convenio de Istambul)”; e, por último, “instar ao Goberno de España á convocatoria urxente dun Pacto de Estado para erradicar a violencia machista no noso país”.

Dona María Teresa Cerdeira Valiñas, portavoz do Grupo Popular, di que o seu grupo presentou una emenda á moción do BNG, cuxo contido vai explicar. De seguido. En primeiro lugar, instar ao Parlamento de Galicia a constituír neste período de sesións a comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres, e di que esta comisión xa se vai constituír o día 29 deste mes, co que xa nos anticipariamos; en segundo lugar, instar ao Parlamento de Galicia a incluír no plan de traballo desta comisión parlamentaria, a proposta dos grupos parlamentarios que a integran, a persoas expertas no ámbito xurídico co obxecto de avaliar a inclusión do termo “feminicido” na Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras posibles modificacións legislativas; en terceiro lugar, propoñen instar á Xunta de Galicia, en diálogo coas organizacións sociais, sindicais e empresariais, e dentro da Mesa do Diálogo Social, a que se promovan medidas encamiñadas a que as empresas cumpran co dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre mulleres e homes.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que, con relación a emenda presentada polo PP, poderían aceptala noutro escenario no que o promotor non fose un grupo político no que o seu máximo responsable está sendo investigado por un presunto delito de acoso sexual, entre outros. Lembra o que xa dixo o outro día no debate sobre o estado da provincia, que mentres o Sr. Presidente non dimita, está absolutamente deslexitimado para dar leccións de nada, e menos nun tema tan sensible como a violencia machista. Di que se tomo a molestia de repasar as actas de anos anteriores para saber que dixeron en debates similares a este, e pregunta ao Sr. Presidente se sabe o que dicía a declaración institucional aprobada o 25 de novembro por esta Deputación, indicando que, entre outras cousas, literalmente se afirmaba: “temos que seguir no camiño da deslexitimación da violencia desde todos os ámbitos e singularmente desde o ámbito público, sendo especialmente contundentes con todos aqueles que, por razón do seu cargo, deberan dar un exemplo de firmeza e coherencia na loita contra a violencia de xénero”.

Serie A N.º 2789716

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Pregúntalle ao Sr. Presidente a que está esperando para irse despois de oír isto. Con referencia ás emendas do PSOE, di que nunha das súas emendas de adición se fala de solicitar do Goberno da Xunta dotación orzamentaria suficiente para a prevención e a asistencia social das vítimas, e comenta que teríamos que poñernos de acordo en canto a cal é o orzamento suficiente, engadindo que no BNG o teñen claro, e que unha das proposicións con aplicación inmediata nos orzamentos de 2017, sería a de destinar o 1% a financiar políticas de igualdade e de loita contra a violencia machista, medida que permitiría pasar dos 11 millóns de euros actuais, cantidade inferior á que se destina aos gastos de mantemento da faraónica Cidade da Cultura, a un mínimo de 90 millóns de euros, porque os compromisos sen orzamento, ou cun orzamento insuficiente non valen para moito. Engade que esta non sería a única cuestión que se enmarcaría neste acordo, e así, outras propostas pasarían pola necesaria reforma da lexislación galega para incluír o termo “feminicidio” e desenvolver un estatuto de protección da vítima, como mellorar todos os dispositivos de atención, desde o aspecto psicolóxico ao laboral e, en terceiro lugar, fixar un calendario para dotar de xulgados específicos en 2017 polo menos a todas as cidades galegas. Di que non concordan coa proposta de creación dunha comisión de estudo como propón o PSOE, porque consideramos que non hai nada que estudar a este respecto, porque o termo “feminicidio” ten unha longa historia no ordenamento xurídico latinoamericano e son moitos e variados os grupos de mulleres que pulan por abrir un debate ao respecto, e o seu emprego é xa habitual polo feminismo galego. Di que o que non podemos nomear non existe, e que durante anos, décadas e séculos as mulleres foron asasinadas baixo o silencio e a complicidade do seu entorno social, as leis e a cultura imperante, e asasinatos cualificados de privados e domésticos foron amparados por códigos de honra, ataques de ciumes ou relatos do amor como posesión e control, e sen palabras as mulleres morreron, a golpes e coiteladas, invisibilizadas e mudas. Di que grazas ao esforzo, á denuncia e á constancia dos movementos de mulleres e do feminismo, a violencia contra as mulleres foi nomeada desde as rúas até as institucións, e grazas a un traballo sen descanso de miles de mulleres, a ONU, na súa II Conferencia internacional sobre as mulleres de 1980, declarou, por primeira vez, que a violencia contra as mulleres é o crime máis encuberto do mundo. Posteriormente a Conferencia de Beijing en 1995 recoñecería a violencia de xénero como obstáculo para a igualdade. Unha década máis tarde no Estado español a Lei Orgánica de Medidas de

Serie A N.º 2789717

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Protección Integral contra a Violencia de Xénero recoñecía por fin a violencia de xénero no marco lexislativo e daba medio carpetazo á violencia doméstica. En Galicia, no ano 2007, a Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero ampliaba o concepto de violencia de xénero indo máis alá da relación de parella e incluía na definición a violencia física, a violencia psicolóxica, a violencia económica, a violencia sexual, o acoso sexual e o tráfico de mulleres e nenas, co que o marco normativo galego apostaba pola perspectiva social desmarcándose do óptica estritamente penal na acreditación de vítima, aspecto que ten unha grande importancia porque permite o acceso aos recursos e servizos -aínda escasos e incompletos- sen que sexa obrigatorio ter presentado a muller denuncia previa. Di que a lei integral vai cumprir dez anos, e é o momento de avaliar e reflexionar, e que dende 2007 e ata 2015 máis de 1 millón de mulleres no estado español interpuxeron denuncia por violencia de xénero, das cales sobre o 55% foron arquivadas sen máis trámites e no mesmo intervalo 753 mulleres foron asasinadas. Considera que os aspectos penais foron un paso adiante que se necesitan compromisos para cumprilos, e os orzamentos son fundamentais para os recursos na protección e a recuperación das mulleres., máis isto non chega, necesitamos que sexa un verdadeiro tema de interese xeral. Afirma que un minuto de silencio non é nada, e que cómpren miles de minutos de lexislación e actuacións para erradicar o machismo desde a escola até os parlamentos, pasando polos medios de comunicación, as empresas e todos os espazos sociais da vida. Comenta que a incorporación da óptica de xénero no corpus lexislativo forzou as costuras androcéntricas do Dereito e como tal temos que celebralo, e que superar a privacidade foi un logro aínda en proceso, e por iso queren ir un paso máis aló coa introdución do termo “feminicidio” en Galicia, como categoría analítica, política e xurídica, que persegue visibilizar que as mulleres son asasinadas só por ser mulleres e as relacións asimétricas de poder entre homes e mulleres, concluindo que recoñecer o xa feito non pode ser un obstáculo para melloralo.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que o tema realmente é complexo, como se está vendo no debate, é un problema de cultura, aínda que esta sexa unha expresión manida, e como sinalou na súa primeira intervención a violencia de xénero exércese de xeitos infinitamente sutís, 24 horas ao día como dicía a voceira socialista, antes de chegar ao extremo de que un exaltado materialice toda esa agresividade que está na contorna nun acto delituoso. Di que poñeríanse poñer un millón de exemplos, e cita a

Serie A N.º 2789718

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

famosa película *Pretty woman*, na que se conta a historia dun señor que rescata das cloacas a unha chica, e iso é un estereotipo, que estaba xa na mitoloxía grega, non é máis que unha vella historia pasado aos anos oitenta do século XX, pero non tería o mesmo éxito a película se a historia fose ao revés, se fose o home o que estivese nas cloacas sociais e fose a muller a triunfadora nos negocios que o fose rescatar, e iso ten un significado. Lembra tamén o caso dos corridos mexicanos, porque existen moitos que falan de crimes pasionais, como o *Corrido de Juanito*, no que un home mata a unha muller por bailar con outro, que ao final resulta ser o seu irmán, o *El preso nº 9*, que conta a historia dun crime causado por un adulterio, e poderíanse poñer exemplos da literatura. Aclara que non é que queira criminalizar as cancións, as películas ou as obras literarias que o único que fixeron foi deixar constancia dunha realidade social, e por iso non estima oportuno cambiar o final dos contos infantís, porque tal e como saben os expertos en psicoanálise iso ten un senso e reflicte unha realidade. Reitera a idea de que eses conceptos que se transmiten a través do cine, das cancións ou da publicidade inflúen no subconsciente das persoas e en determinados casos hai persoas que levan iso ao extremo de chegar a crer que son superiores ás mulleres o que se acaba traducindo nunha agresión, normalmente contra a súa parella. Certamente, este non é un problema que se vaia resolver dende a Deputación, pero como dicía o voceiro do BNG, o que non se nomea non existe, e efectivamente empezar a expresar un problema é verbalizalo, expresalo con palabras, e cita Simone Weil cando dicía que a atención é revolucionaria, porque cando empezamos a prestar atención a unha realidade e a expresala con palabras en vez de agochala, ao mellor estamos a dar o primeiro paso para resolver o problema. Reitera o seu voto favorable á moción, e no que respecta ás emendas di que se aterán ao criterio do grupo proponente.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista, di que como acabamos de comprobar os comportamentos machistas seguen a ser normais, están en todos os terreos, en tódolos sectores que conforman o noso modelo de convivencia, e por iso a resposta a esta lacra debe darse dende o conxunto de toda a sociedade, dende todas as institucións, dende todas as administracións, e por parte de toda a cidadanía, polos homes tamén, comezando polos máis cativos: información e prevención dende as escolas. Di que se está a espallar o acoso nas redes e nas TIC's, e nas adolescentes, con sistemas de control sobre rapazas que se tornan despois en insultos e humillacións graves, e ese expoñente está

Serie A N.º 2789719

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

a crecer. Di que dende o Grupo Socialista non son xuristas para defender se as leis deben mudar para incluír termos como “feminicidio”, que si é certo que é un termo moi usado en Latinoamérica, máis se serve para combater esta lacra están de acordo en que se aborde a cuestión polos especialistas no marco do Parlamento galego. Di que tampouco son facultativos para dicir se a violencia obstétrica é ou non é na sanidade pública, e é posible que tamén sobre isto teñan moito que dicir os facultativos e os colectivos. Di que hoxe, 25 de novembro, conmemoramos o recordo de miles de mulleres que xa non están, un día que foi proposto pola República Dominicana en lembranza das Mirabal, tres mulleres, Minerva, María Teresa e Patria, que morreron por ser precisamente mulleres e por defender a liberdade en contra do réxime de Trujillo. E como dixo Eduardo Galeano, o Día Internacional contra a Violencia é o día internacional contra os Trujillo que hai en cada casa, pero tamén fóra, e boto de menos, moitas veces, que as mulleres non sexan capaces de defender ás mulleres, e por iso boto en falla que moitas veces que as mulleres do PP non sexan capaces de poñerse do lado das mulleres, e como dicía Madeleine Albright, non habrá sitio para as mulleres que non defendan ás mulleres aínda que sexa no inferno.

Dona María Teresa Cerdeira Valiñas, portavoz do Grupo Popular, di que, cinguíndose á moción, e no concepto de “feminicidio”, dende o Partido Popular teñen claro que a inclusión deste termo na Lei galega debe ser valorado pola comisión non permanente de estudo para a igualdade entre homes e mulleres, e pide que se agarde á súa constitución e ao seu estudo e informe e, polo tanto, á procedencia ou non, da inclusión deste termo na Lei. Con respecto á proposta do BNG de rescisión de contratos con empresas, entende que esixiría medidas legislativas que exceden a competencia do Parlamento galego, e por isto o seu grupo propón un diálogo cos axentes sociais, sindicais e empresarias na Mesa do Diálogo Social para propoñer medidas encamiñadas a que as empresas cumpran co dereito á igualdade salarial entre homes e mulleres.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que con respecto ás emendas do Grupo Socialistas agradecen as súas achegas pero neste caso vense na obriga de rexeitalas porque cren que as súas propostas iniciais son máis ambiciosas e máis concretas; con respecto ás emendas do Grupo Popular, non as pode agradecer neste concreto eido, porque como xa se denunciou reiteradamente e como xa se debateu nun pleno onde se tratou o xeito de tramitarse as mocións, e como xa ten acontecido outras veces, o

Serie A N.º 2789720

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

único que perseguen é desvirtuar o acordo, a proposta inicial, e aprobar algo que nada ten que ver co obxectivo que tiñan á hora de presentar esta moción. Está de acordo coa portavoz do Grupo Popular en que pode haber cousas na súa proposta que excedan a competencia do Parlamento de Galicia, pero o seu grupo cre que a primeira cuestión que hai que abordar é a decisión política, e despois buscar o seu artellamento no ordenamento xurídico e un problema que debería ter solución en todo caso. A modo de conclusión di que debe ser unha prioridade garantir á mulleres o dereito a vivir en liberdade, e non chega con poñerse un lazo rosa tal día como hoxe, porque sen recursos e sen vontade política é imposible cambiar nada, e esa é a responsabilidade do Partido Popular.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 8.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

Seguidamente somete a votación a emenda do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (14), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

Por último sométese a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Parlamento de Galicia a constituír neste período de sesións a Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres.

2º.- Instar ao Parlamento de Galicia a incluír no plan de traballo da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e os dereitos das mulleres, a proposta dos grupos parlamentarios que a integran, a persoas expertas no ámbito xurídico, co obxecto de poder avaliar a inclusión do termo feminicidio na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras posibles modificacións legislativas.

Serie A N.º 2789721

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

3º.- Instar á Xunta de Galicia, en diálogo coas organización sociais, sindicais e empresariais, e dentro da Mesa de Diálogo Social, a que se promovan medidas encamiñadas a que as empresas cumpran co dereito á igualdade salarial e a non discriminación retributiva entre mulleres e homes.

9º.- APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN EDUARDO BLANCO-AMOR.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que a Deputación ten en doazón parte da biblioteca de Eduardo Blanco - Amor, obra cuxos dereitos, ao igual que os das que publica este ente provincial, pertencen a Editorial Galaxia, proxecto que naceu coa idea de contribuír a facer país, a través da recuperación da lingua, da súa significación histórica e do seu valor cultural tanto na creación como na transmisión do pensamento. Di que o BNG non vai poñer reparos á aprobación dos estatutos, pero si que queren facer unha proposta concreta: que a Deputación lle pida a Galaxia que entre a formar parte da fundación como padroa, cedendo os dereitos de autor que actualmente posúe da obra de Blanco Amor, en beneficio da Fundación, para a súa autoxestión.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, quere que vaia por diante que o seu grupo está a favor de honra- la memoria e difundir e promocionar todo aquilo que garde relación con personaxes senlleiros desta provincia, entre eles sen dúbida está Blanco - Amor, que tanto e tan ben retratou o ser desta cidade e desta provincia. Pero si que teñen dúbidas en canto á necesidade de crear unha fundación, habendo un centro cultural desta institución no que están depositados fondos bibliográficos deste autor, que ben podería xestionar parte dos fins que aquí se pretenden acadar, e o que non queren é que isto sexa un *chiringuito* máis, que pouco honraría a memoria do autor ao que se pretende honrar. En canto ao articulado dos estatutos, gustaríalle que se mudase a súa composición, e que al menos parte dos padróns fosen nomeados polo Pleno e contasen coas propostas dos partidos políticos aquí representados, e tamén lles gustaría, dos bens que se lle poidan transferir a esta fundación por parte da Deputación que se faga un inventario dos mesmos e que no caso de disolución eses fondos bibliográficos volvesen a esta institución.

Serie A N.º 2789722

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, di que estamos a tratar a aprobación dos estatutos da Fundación Blanco – Amor, un persoeiro ilustre da provincia a nivel mundial, algo que, ata o de agora, ningunha institución fixera. Di que o acordo se limita á aprobación dos estatutos, e que o futuro e todo o que se poida a facer en relación coa súa obra está aberto. Da lectura ao artigo 6 do proxecto de estatutos, onde se recollen os fins da fundación, e ao artigo 7, onde se recollen as actividades fundacionais, porque entende que con iso se recolle o que vai ser a Fundación, e prégalle ao portavoz socialista que retira a palabra *chiringuito* para referirse a esta entidade, porque o que se vai crear non é ningún *chiringuito*, senón que se van aprobar uns estatutos para honrar a un persoeiro ourensán ilustre recoñecido a nivel mundial, que merece tódolos respectos , e só por ese motivo entende que non procede empregar esa expresión. Di que o artigo 6 declara que son fins da Fundación a conservación, difusión, promoción e tradución da obra de Eduardo Blanco - Amor e o seu legado, facendo especial fincapé nos fondos bibliográficos (arquivo e publicacións da biblioteca do escritor) propiedade da Deputación de Ourense desde o 7 de maio de 1983; a promoción de actividades de estudo e investigación nos campos da literatura, o xornalismo, a lingua galega, as artes, a fotografía, e os estudos históricos e políticos abordados polo autor e polos investigadores da súa obra; a dinamización e difusión sociocultural de todo o relacionado con Eduardo Blanco - Amor, especialmente na provincia de Ourense, en Galicia, España e países de América relacionados co escritor; e a potenciación e difusión da cultura e da realidade social, sobre todo da época do escritor, en Ourense, Galicia, en xeral, e no exterior; e a colaboración con entes públicos e privados de fins semellantes. En canto ao artigo 7, establece que para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación realizará as seguintes actividades: a catalogación, e o desenvolvemento e conservación do arquivo documental e biblioteca, propiedade da Deputación de Ourense, e de toda a documentación relacionada coa figura de Eduardo Blanco – Amor; a divulgación da obra de Eduardo Blanco - Amor, as obras da súa colección privada e do seu arquivo documental e biblioteca; a formación de artistas e estudosos nos eidos anteriores e calquera outros relacionados coa intensa e variada actividade do escritor ourensán; a realización de actividades de fomento nos ámbitos cultural e social, tanto en Ourense, Galicia, España e América; e a captación dos fondos económicos, subvencións e convenios, necesarios para

Serie A N.º 2789723

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

levar a cabo as ditas actividades. Cre que nestes dous artigos se recolle todo o que aquí se falou, e dende logo entende que seremos quen de conseguilo.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, solicita que a proposta á que fixo referencia na súa primeira intervención – que a deputación lle solicite a Editorial Galaxia que entre a formar parte do padroado cedendo os dereitos de autor que actualmente posúe sobre a obra de Blanco – Amor en beneficio da Fundación para a súa autoxestión - tivese o tratamento dunha emenda presentada *in voce* e por tanto que sexa votada e, no caso de ser aprobada, formase parte dos propios acordos.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, reitera a necesidade de que haxa unha representación plural no padroado, e matiza que coa expresión *chiringuito* non aludía ó que se vai crear agora, senón ao que o seu grupo non quere que sexa, evidentemente o tempo andará e o tempo dirá, e o seu grupo fai esa prevención sen máis.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, en réplica ao Sr. Rodríguez Suárez, di que se están a aprobar uns estatutos, e cre que iso é o único que se está a facer hoxe, e o futuro é futuro e dende logo non será o Grupo Popular quen non faga todo o posible para que isto que nace hoxe se engrandeza o máis posible, pero non cre que hoxe sexa o momento, e ademais houbo a posibilidade de presentar esa proposta con anterioridade; entende que non lle está a dicir que non a conseguir todo o posible en relación coa obra de Blanco – Amor, pero insiste en que agora a proposta se limita a aprobar os estatutos. No que se refire ao manifestado polo voceiro socialista, di que o número de membros do padroado vai de cinco a vinte, e é unha decisión do Sr. Presidente, e ten por seguro que a decisión que adopte será a que adoptaría o Pleno, e dille que teña a seguridade de que todos os que teñan que estar representados o estarán. Conclúe anunciando que mañá se fallará o Premio Blanco – Amor de Novela, instituído por esta Deputación, e o día 1 de decembro farase a súa entrega, acto ao que convida a todos os presentes como acto de homenaxe ao legado de Blanco – Amor.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#).

Serie A N.º 2789724

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.º.- Aprobar os Estatutos da Fundación Eduardo Blanco-Amor co contido que de seguido se transcribe:

ESTATUTOS DA “FUNDACIÓN EDUARDO BLANCO AMOR”**TÍTULO PRIMEIRO****DISPOSICIONS XERAIS****Artigo 1.- Denominación e natureza.**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación de “Fundación Eduardo Branco Amor”, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio se acha afectado, de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade.

A fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3.- Réxime.

A fundación rexerese pola Lei 12/2006, de fundacións de interese galego, o Decreto 12/2009, polo que se aproba o Regulamento das fundacións de interese galego e, no que sexa de aplicación, pola Lei 50/2002, de fundacións, a Lei 49/2002, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado, o Real decreto 1270/2003, polo que se aproba o Regulamento de aplicación do réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado, e demais normativa que sexa de aplicación, pola vontade do fundador manifestada nestes estatutos e demais normas de xeral aplicación.

Artigo 4.- Domicilio.

O domicilio da fundación radicará na sede do Pazo Provincial, na rúa Progreso 32, Ourense.

Serie A N.º 2789725

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

O padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 5.- Ámbito de actuación.

A fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**TÍTULO SEGUNDO
OBXECTO DA FUNDACIÓN****Artigo 6.- Fins.**

Son fins da Fundación:

1. A conservación, difusión, promoción e tradución da obra de Eduardo Blanco Amor e ou seu legado. Facendo especial fincapé nos fondos bibliográficos (arquivo e publicacións da biblioteca do escritor) propiedade da Deputación de Ourense desde o 7 de maio de 1983.
2. A promoción de actividades de estudo e investigación nos campos da literatura, o xornalismo, a lingua galega, as artes, a fotografía, e os estudos históricos e políticos abordados polo autor e polos investigadores da súa obra.
3. A dinamización e difusión sociocultural de todo o relacionado con Eduardo Blanco - Amor, especialmente na provincia de Ourense, en Galicia, España e países de América relacionados co escritor.
4. A potenciación e difusión da cultura e da realidade social, sobre todo da época do escritor, en Ourense, Galicia, en xeral, e no exterior; e a colaboración con entes públicos e privados de fins semellantes.

Artigo 7.- Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación realizará as seguintes actividades:

1. A catalogación, e o desenvolvemento e conservación do arquivo documental e biblioteca, propiedade da Deputación de Ourense, e de toda a documentación relacionada coa figura de Eduardo Blanco - Amor.
2. A divulgación da obra de Eduardo Blanco Amor, as obras da súa colección privada e do seu arquivo documental e biblioteca.

Serie A N.º 2789726

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

3. A formación de artistas e estudosos nos eidos anteriores e calquera outros relacionados coa intensa e variada actividade do escritor ourensán
4. A realización de actividades de fomento nos ámbitos cultural e social, tanto en Ourense, Galicia, España e América.
5. A captación dos fondos económicos, subvencións e convenios, necesarios para levar a cabo as ditas actividades.

Artigo 8.- Liberdade de actuación

O padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO TERCEIRO**REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS****Artigo 9.-Destino das rendas e ingresos**

1. Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o oitenta por cento das rendas ou calquera outros ingresos netos (fóra das achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación) que obteña a fundación, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo padroado.
2. Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 10.-Beneficiarios

1. Serán beneficiarios da fundación as persoas físicas e xurídicas, coas excepcións legais e as contidas nos presentes estatutos, que, a xuízo do Padroado, se atopan na concorrencia de méritos necesarios para levar a cabo a práctica e desenvolvemento dos fins da Fundación. En consecuencia, ninguén poderá alegar nin individual nin colectivamente fronte á Fundación ou os seus órganos, o goce de beneficios antes de que fosen concedidos, nin impor a súa atribución a persoas determinadas.
2. O Padroado, á hora de determinar aos beneficiarios da actividade da Fundación, actuará con criterios de imparcialidade, obxectividade, transparencia, mérito e non discriminación.

Serie A N.º 2789727

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016**TÍTULO CUARTO
GOBERNO DA FUNDACIÓN****Artigo 11.- Natureza**

O padroado é o órgano de goberno, representación e administración da fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

Artigo 12.- Composición do padroado

1. Estará constituído por cinco patróns, como mínimo, e vinte como máximo, que adoptarán os seus acordos por maioría nos termos establecidos nos presentes Estatutos.
2. Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para ou exercicio de cargos públicos.
3. As persoas xurídicas tamén poderán formar parte do Padroado e deberán designar á persoa ou persoas físicas que as representen.
4. Os patróns exercerán ou seu cargo gratuitamente sen prexuízo do dereito a serlles reembolsados os gastos debidamente xustificados que o cargo lles ocasione no exercicio da súa función.

Artigo 13.- Duración do mandato

Os patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de catro (4) anos, podendo en todo caso ser reelixidos.

Artigo 14.- Nomeamento e substitución de patróns

O nomeamento de patróns, tanto para completar o número máximo de membros como para cubrir as vacantes que se produzan será competencia do Presidente da Deputación Provincial de Ourense, salvo aqueles que o son en razón do cargo que ocupan.

A substitución dos patróns comunicáraselle formalmente ao protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 15.- Aceptación do cargo de patrón

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente ou en certificación do padroado, coas sinaturas do secretario e presidente, e comunicáraselle formalmente ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

Serie A N.º 2789728

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Producida unha vacante, no prazo máximo de tres (3) meses, o padroado designará unha persoa para ocupar esta.

Artigo 16.- Cesamento dos patróns

O cesamento dos patróns da fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por renuncia comunicada coas debidas formalidades.
- c) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- d) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.
- e) Por resolución xudicial.
- f) Polo transcurso do período do seu mandato, se foron nomeados por un determinado tempo.
- g) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal.
- h) Polo transcurso do prazo de seis (6) meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen instar a inscrición da fundación no Rexistro de Fundacións.
- i) Por realizar manifestacións públicas ou actividades que afecten ao bo nome da Fundación ou do legado de Eduardo Blanco Amor, e que suporá o seu cesamento con carácter inmediato.

A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da fundación.

O cesamento dos patróns comunicaráselle formalmente ao protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 17.- Organización do padroado

O padroado designará de entre os seus membros aos órganos que considere precisos, con excepción dos que o sexan estatutariamente.

Artigo 18.- O presidente

1. A presidencia da Fundación recaerá no Presidente da Deputación Provincial de Ourense.
2. Ao presidente correspóndelle ostentar a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas, convocar as reunións do Padroado, presidilas, dirixir os seus debates e, se é o caso, executar os acordos, podendo para iso realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Serie A N.º 2789729

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

3. O Presidente dispón de voto de calidade para dirimir os empates que puidesen producirse nas votacións que se realicen non Padroado.

4. Excepcionalmente, e por causa xustificada, o presidente poderá delegar puntualmente a súa responsabilidade nun dos vicepresidentes da Deputación.

Artigo 19.- O vicepresidente

1. O vicepresidente será o representante da familia de Eduardo Branco Amor de maior grao de consanguinidade.

2. Ao falecemento ou renuncia do vicepresidente será a Deputación de Ourense quen designe unha persoa que ocupe ese cargo.

3. O vicepresidente substituirá ao presidente en caso de ausencia ou enfermidade deste, bastando para acreditar estes extremos a mera manifestación daqueles. En caso de ausencia do presidente así como do vicepresidente, substituiralle o patrón de maior idade.

Artigo 20.- O secretario

Son funcións do secretario custodiar a documentación pertencente á fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do padroado, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios, e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo vogal de menor idade do padroado.

Artigo 21.- Facultades do padroado

Correspóndelle ao padroado o goberno, a representación e administración da fundación, así como a modificación e interpretación dos presentes estatutos nos termos establecidos na lexislación vixente.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, a título simplemente enunciativo, serán facultades do padroado:

- a) Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da fundación.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes Estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a modificación destes, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- c) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da fundación.

Serie A N.º 2789730

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

- d) Aprobar os orzamentos e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- e) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:
- A aprobación das contas anuais.
 - A formulación de orzamentos.
 - A venda e o gravame de bens inmobles, das obras de arte e dos bens patrimoniais histórico-artísticos e documentais, así como os valores mobiliarios non cotizados en bolsa.
 - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.
- f) Adoptar acordos sobre a transformación, extinción e liquidación da fundación nos casos previstos na lexislación vixente.

Artigo 22.- Reunións do padroado e convocatoria

O padroado reunirse, polo menos, dous (2) veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación. Correspóndelle ao presidente convocar as reunións deste. A convocatoria farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días de antelación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Na mesma farase constar o lugar, día e hora de celebración da reunión, acompañándose así mesmo a orde do día.

Non será preciso convocatoria previa cando se atopen presentes todos os patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Artigo 23.- Formas de deliberar e adoptar acordos

As reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta de asistentes, e será dirimente en caso de empate o voto do seu presidente. Para a adopción de acordos en que así se estableza expresamente pola normativa aplicable, será necesario o voto favorable das 2/3 partes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros.

Das reunións do padroado redactarase acta polo secretario, e será aprobada por todos os membros presentes nela. Esta transcribírase ao correspondente libro e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 24.- Obrigacións do padroado

Serie A N.º 2789731

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Na súa actuación, o padroado deberá axustarse ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Correspóndelle ao padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo plenamente o rendemento e utilidade destes.

O padroado dará información suficiente dos fins e actividades da fundación para que sexan coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 25.- Obrigacións e responsabilidades dos patróns

Entre outras, son obrigacións dos patróns facer que se cumpran os fins da fundación, concorrer ás reunións ás que sexan convocados, desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de conservación e produción os bens e valores da fundación, e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nos presentes estatutos.

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados negligentemente, na forma que en cada momento determine a lexislación vixente.

Artigo 26.- Carácter gratuíto do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione.

**TÍTULO QUINTO
RÉXIME ECONÓMICO****Artigo 27.- Patrimonio fundacional**

O patrimonio da fundación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigacións susceptibles de valoración económica.

Uns e outros deberán figurar a nome da fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións. O padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 28.- Dotación da fundación

Serie A N.º 2789732

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

A dotación da fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da fundación, e por aqueles outros que en diante se acheguen a esta con ese carácter.

Artigo 29.- Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a fundación persegue.

Artigo 30.- Financiamento

A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se é o caso, con aqueloutros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestadas por ela aos seus beneficiarios na forma e cos requisitos establecidos na normativa vixente. As cantidades que excepcionalmente poida percibir a fundación do conxunto dos seus beneficiarios non poderá exceder do custo real do servizo ou da prestación de que se trate, sen marxe comercial de ningunha clase.

Artigo 31.- Réxime financeiro

Na xestión económico-financeira, a fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

A fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Será en todo caso necesario formular e levar os seguintes libros e documentación:

- a) Inventario-balance.
- b) Memoria.
- c) Orzamentos e a súa liquidación.
- d) Libro diario.
- e) Libro de actas.

Artigo 32.- Administración

Queda facultado o padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da fundación, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de

Serie A N.º 2789733

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna comunicación ao protectorado.

Artigo 33.- Confección de orzamentos, rendición de contas e memoria social de actividades

Confeccionarase o orzamento correspondente ao ano seguinte, no que se recollerán, con claridade, os ingresos e gastos, que deberá ser aprobado polo padroado e remitido ao protectorado, acompañado dunha memoria explicativa, antes de finalizar o exercicio anterior.

As contas anuais aprobaranse polo Padroado da Fundación e un exemplar do balance. A conta de resultados, a memoria anual e do inventario do ano precedente serán enviados anualmente ao protectorado, dentro do prazo dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, acompañados de certificación expresiva de que todos eles son fiel reflexo da contabilidade.

Se a fundación se atopa dentro dos requisitos legais establecidos, as contas anuais someteranse a auditoría externa, remitíndolle ao protectorado o informe dela xunto coas ditas contas.

TÍTULO SEXTO**DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN****Artigo 34.- Modificación de estatutos**

Por acordo do padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da fundación e se cumpran os requisitos esixidos no artigo 29 da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións e demais normativa de aplicación

Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo padroado terá que ser aprobada polo protectorado e inscrita no Rexistro de Fundacións.

Artigo 35.- Fusión con outra fundación

A fundación poderá fusionarse con outra ou outras, tralo acordo previo dos respectivos padroados.

O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado. O acordo de

Serie A N.º 2789734

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

fusión terá que serlle comunicado ao protectorado con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente se inscribirá no Rexistro de Fundacións.

Artigo 36.- Extinción da fundación

A fundación extinguirase polas causas, e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

Artigo 37.- Liquidación e adxudicación

A extinción da fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que se realizará polo padroado baixo o control do protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da fundación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens (mesmo para o suposto da súa disolución) á consecución daqueles. Correspóndelle ao padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao protectorado lle atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a fundación expresamente se somete.

2º.- Que se proceda, consonte co sinalado nos artigos 10 e 11 da Lei 12/2006 de fundacións de interese galego a **formalizar en documento público escritura de constitución da fundación e á solicitude de clasificación e inscrición diante do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.**

10º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PAR AINICIAR OS TRÁMITES PARA A CREACIÓN EN OURENSE DO MUSEO GALEGO DA EMIGRACIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que defenda o contido da moción.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“Ourense é un pobo, unha provincia, que reúne tres características fundamentais: traballadora, creativa e emigrante. Non hai familia que non coñeza o fenómeno da emigración de xeito directo, pois resulta acreditado o gran número de galegos que puxeron en marcha proxectos vitais a milleiros de quilómetros do seu lugar de residencia e nacemento. Son moitos e moi cualificados os datos e traxectorias que merecen ser tidos en*

Serie A N.º 2789735

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

conta para situar en Ourense un espazo museístico que poña en valor a emigración galega e ourensá como un lugar de referencia e atractivo que, paradoxicamente, non existe na actualidade. O goberno provincial de Ourense, tal e como figura no Plan de mandato Ourense 2015-2019, fixou como obxectivo esta infraestrutura cultural, que daría relevo á testemuña da nosa emigración e rendería homenaxe á valentía, audacia e compromiso dos que deixaron o seu fogar para gañar o seu futuro. Velaí o compromiso constante, e reiterado, da Deputación de Ourense coa nosa emigración, cos residentes no exterior na actualidade e cos que xa non están entre nós, pero que foron pioneiros e fixeron que moitos máis dos nosos seguisen os seus pasos. En virtude do exposto, propónse que o Pleno da Deputación aprobe o seguinte acordo: 1.º.- Que a Deputación de Ourense proxecte e faga realidade o Museo Galego da Emigración. 2.º.- Que a sede da dita infraestrutura cultural sexa o Pazo de Vilamarín”.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que esta moción é un claro expoñente de cómo se goberna a golpe de titular e sen ter a máis mínima idea ao respecto do que se pretende facer. Di que saben por boca do responsable de cultura desta Deputación que o único que se pretende neste momento é decidir a ubicación do futuro museo, e o lugar escollido onde pretende ubicarse resultar ser o Pazo de Vilamarín, lugar onde a día de hoxe, a pesares de ter rematado o convenio que no seu día subscribiron a Fundación Quesada e a Deputación Provincial, aínda alberga a obra antolóxica do xenial pintor ourensá, e di que imaxina que esta cuestión estará resolta e falada coa familia do finado pintor, pois resulta incompatible un museo como o que se pretende coa presenza da obra pictórica, polo que agarda que ao longo deste debate se conteste a esta cuestión; iso si, nada se dixo de cal é o proxecto de musealización para ese espazo, nin de cal é a idea que o grupo de goberno ten, iso seica tocará máis adiante. En relación coa moción manifesta a súa desconformidade coa proposta, non por non considerala oportuna, se non por parecerlle pouco ambiciosa, e se pregunta por qué facer un museo cando xa temos un parque temático en toda a provincia, e ao mellor deberíamos, para explicar o por qué da emigración e as súas causas, as súas consecuencias e os seus responsables, determinar a construción dun centro de interpretación, e entende que non hai que ir a Vilamarín, cando perfectamente se pode utilizar o Pazo Provincial para tal mester, polas razóns que a continuación expón. Cre

Serie A N.º 2789736

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

que ningún edificio como este reúne tantos requisitos para albergar o centro antes mencionado, o que resolvería non so un problema de intendencia e espazo, pois estaría situado na capital da provincia, estaría aberto de luns a domingo e tería persoal abondo para atendelo, e sería cuestión de facer unha modificación na RPT para destinar algúns dos moitos ordenanzas existentes na deputación e organismos autónomos dela dependentes; posúe abundante documentación que pode ser consultada polos visitantes e resolve tamén, nesa busca das causas e causantes, outro dos interrogantes que suscita un espazo destas características. Propón algunhas ideas para dinamizalo: poderíase falar cos representantes da plataforma galega de emigrantes retornados, que tamén ten sede en Ourense, para pedirilles que unha vez á semana, en vez de facelo diante do edificio de Facenda, deran charlas acerca da emigración, de como lles foi na diáspora, das miles de dificultades que tiveron que sortear, de como co seu traballo, esforzo e aforro contribuíron á mellora do noso país, de como sufriron o feito de estar anos lonxe das súas familias, dos seus fillos, e de como unha vez que regresaron ao seu país, foron expoliados pola Facenda española, xestionada por un ministro do seu partido, tratándoos como defraudadores, mentres amnistiaba fiscalmente aos delinquentes, comentando que sería interesante e a bo seguro que aprenderíamos moito, e a bo seguro que nese museo figuraría unha placa coas súas reiteradas demandas: somos aforradores, non defraudadores. Continúa dicindo que poderíamos tamén, tendo en conta que esta é a provincia intelixente, aproveitar un servizo pioneiro e único no Estado (e non sei se no mundo) para por ao servizo dos familiares dos mozos e mozas (máis de 10 mil desde o comezo da crise), que marcharon lonxe, impulsados por ese espírito de aventura que os fai querer probar novas experiencias, os medios telemáticos para poder interconectarse periodicamente e seguir a manter o contacto, e antes lles daríamos o correspondente cursiño no manexo das novas tecnoloxías, e dille ao Sr. Presidente que neste, novamente, seríamos os primeiros. Di que a moción que nos propoñen é un chiste se non estivésemos falando dun drama que lonxe de amainar está provocando que cada día marchen máis persoas, na práctica totalidade mozos e mozas, en busca do futuro que aquí lle é negado, e que xa llo dixo o outro día nesa parodia chamada debate sobre o estado da provincia, pero volve repetilo por si non escoitou ben, porque os datos son teimudos: temos as pensións máis baixas do estado, 247 euros por debaixo da media Española, a taxa de envellecemento máis alta; nos últimos 35 anos, coincidentes con

Serie A N.º 2789737

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

outros tantos de goberno da saga Baltar, perdemos máis de 100 mil habitantes, e na última década máis de 10 mil persoas, na súa meirande parte mozas e mozos, tiveron que emigrar en busca das oportunidades que aquí lle son negadas, a densidade de poboación baixou nestes 35 anos do 59,1 ao 45,2, e o crecemento vexetativo permite albiscar un futuro negro, ao producirse máis decesos que nacementos, nunha relación de case 3 a 1. Comenta que esta situación non é froito dunha maldición bíblica nin dun meigallo, senón o froito de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, de caos urbanístico e falta de ordenación de territorio e de despoboamento progresivo do noso medio rural, e na actualidade máis de 300 núcleos da provincia non teñen un so veciño. Di que as consecuencias directas e indirectas desta situación son evidentes: emigración e desertización de pobos e aldeas, e esa foi e é a súa contribución, e a do seu partido, o PP, durante lustros a este museo, preguntándose entón para que queren outro.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, pídelle ao Sr. Doval que lle aclare quen tivo a idea de facer esta moción, porque habería que facer un museo só para a persoa que tivo esta idea, porque é xenial, e di que isto lle lembra unha vez que foron gravar ao pobo dos Blancos, onde había un busto do Sr. Baltar Pumar, e un paisano comentou que os bustos normalmente se lle fan aso mortos pero que alí tiñan un busto dedicado a unha persoa viva, e isto é o mesmo, porque se pregunta cómo se pode dedicar un museo á emigración cando aínda é un drama que está acontecendo. Di que esta provincia pasou de 480.000 habitantes fai medio século a 320.000 e baixando, e xa perdemos un deputado en Madrid, pasando de cinco a catro deputados, pero pronto de catro pasaremos a tres, porque dentro de pouco imos baixar dos 300.000 habitantes na provincia, e di que este do PP teñen a idea de facer un museo sobre isto cando aínda está sucedendo, engadindo que un museo se fai cando algo xa é historia, non cando está a suceder, e isto só se lle ocorre a un tolo. Sinala ademais que o normal non é facer un museo sobre un drama, agás que sexa para lembrar o que sucedeu e evitar que se poida repetir, como é o caso dos museos dedicados ao holocausto xudeu; e outras veces estes museos fanse pero no por aqueles que viviron esa situación como un drama, e pon como exemplo o museo da emigración que hai na illa de Ellis en Nova York, que é un museo feito polos que foron receptores da emigración. Di que facer isto é unha tomadura de pelo, é meter o dedo na chaga dun drama.

Serie A N.º 2789738

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

En relación coa proposta do BNG de facer un parque temático, di que DO xa fixo no seu día unha proposta no concello de Ourense para facer un museo do caciquismo, e que esa si sería unha boa idea, sería realmente espectacular ter un museo así, que a xente puidese vir e que tivese unhas vidreiras nas que se puidese ver como o Sr. Presidente chega a acordos caciquís con determinada xente, e iso si que estaría petado, viría xente de todo o mundo a velo, sería espectacular. Di que lle fan graza algunhas das expresións empregadas polo portavoz do PP, como cando fala da valentía, audacia e compromiso dos emigrantes, cando a realidade é que moitas veces o que houbo non foi máis que resignación, porque á xente non lle quedaba outra, por culpa de caciques como o Sr. Presidente e o seu pai, que gobernaron máis de trinta anos e manexaron máis de 3.000 millóns de euros, e se ese diñeiro estivese ben empregado dende hai trinta anos se tería freado a emigración. Di que isto é como se nunha guerra que aínda non rematou se quixera facer un museo dedicado aos mortos, cando aínda hai xente que pode morrer e o que habería que facer é facer un hospital de campaña, e no canto de iso se quitasen os cartos para o hospital de campaña para facer o museo dos mortos, é algo por completo surrealistas. Di tamén que na moción se di que hai que poñer en valor o da emigración, e pide que llo expliquen, porque non entende como se pode poñer en valor a emigración. Di que a ninguén se lle ocorrería facer un museo do Holocausto en pleno Terceiro Reich, pero é o que queren facer os do PP. Di que isto é unha tomadura de pelo, e que aos que sente a política por vocación, como é o seu caso, fírvelles o sangue a ver este tipo de cousas, que xustamente os culpables da emigración veñan a tomarlle o pelo á xente facendo un museo da emigración. Dille ao Sr. Presidente que el non tivo que emigrar, e preguntalle se no acordo de separación da súa primeira muller ía posto que a colocaría de xefa no Teatro Principal para gañar un *pastón*, que xa hai que ter pouca vergoña de meter á muller a traballar na Deputación, e non nun posto calquera, senón de directora do Teatro, que non xestiona ben porque recada o 1 % do que gasta pero tendo un soldo de alto executivo, e di que a persoas así loxicamente non lles fai falla emigrar, como tampouco tivo que emigrar o centenar de *enchufados* polo que o PSOE denunciou ao seu antecesor, pero a todos os demais non lles queda outra que emigrar, e ese é o drama. Engade que seguramente o Sr. Presidente xogou coa precariedade desa persoa que agora o ten denunciado nun xulgado, nun proceso que sabe Deus como vai acabar. Di tamén que a súa actual muller tampouco tivo que emigrar, e ao mellor é polas cousas raras que fan, e

Serie A N.º 2789739

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

non sabe se o Sr. Presidente estará involucrado nese tema ou non, pero pregúntalle ao Sr. Presidente se ten algo que ver na denuncia que está actualmente en curso contra a súa actual muller, na que lle piden un ano e nove meses de cárcere por un presunto delito de falsidade en documento oficial que entregou no concello de Ourense.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, di que Ourense ostentou no pasado, e a xulgar polos datos, tamén no presente, o triste honor de ser a provincia galega con maior número de emigrantes, feito que ven a padecer cunha constante perda da poboación nova e mellor formada, e o que se está a producir é literalmente un exilio económico, que está a ser un problema crónico na nosa provincia, e con estes datos ata parece lóxico que Ourense poida contar cun museo da emigración, se ben é verdade que Ourense non se pode entender sen a emigración, tanto dende o punto de vista social como económico. Di que na moción se fala da necesidade do museo para manter viva a memoria dos emigrantes e as súas familias, daqueles que abandonaron os seus fogares na procura dun futuro mellor, pero tamén non nos podemos esquecer dos que deixaron a provincia por un exilio político. Di que o que se nos pide nesta moción é que votemos a ubicación do Museo Galego da Emigración, que vai ser no Pazo de Vilamarín, porque é o único que se desprende do seu texto, e botamos en falla que se nos explique como vai ser levado a cabo o proxecto, que por certo xa foi anunciado no 2014. Di que o seu grupo entende que este tipo de museos van amosar o que foi a historia da emigración, e terían que amosar tamén a historia recente, pero non saben se isto vai ser así, cómo se vai levar a cabo esa recuperación e catalogación, e quen vai levar a cabo a futura xestión do museo. Outro punto que consideran importante e que non se lles explicou na comisión e o que ten relación coa actual exposición da obra de Xaime Quessada que se atopa no Pazo de Vilamarín, e pregúntase que vai pasar con ela. Di que aprobar esta moción sería un cheque en branco, e non se opoñen á creación de museos, pero este museo semella o reflexo dun fracaso, á xulgar polos datos da emigración actual. Polo exposto, anuncia o seu voto en contra.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, di que vai cinguir a súa intervención ao obxecto deste punto da orde do día, que é a creación dun museo galego da emigración, e nada máis, e non vai contestar ao resto de opinións que se verteron aquí.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, anuncia o seu voto

Serie A N.º 2789740

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

en contra da moción.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, dille ao Sr. Doval que necesita que lle dea máis información sobre este asunto, porque na súa segunda intervención dixo que se ía cinguir á moción, pero non dixo nada; nega que o que dixo na súa anterior intervención non teña que ver co tema da emigración, porque está todo relacionado, e preguntalle que pensa que é a emigración, porque a emigración é a consecuencia de xente como o Sr. Presidente, que son os que provocaron que Ourense sexa pobre, e cada vez que permitimos que a Xunta de Galicia invista cartos na costa e non invita os fondos europeos nas zonas pobres do interior, estase a fomentar a emigración, ou cada vez que o Sr. Presidente utiliza o diñeiro público para os seus fins, como cando meteron a cento e pico *enchufados* para que chegase a ser presidente do PP, ou *rollos* como ese asunto do que lle acaba de preguntar ao sr. Presidente, se está implicado nesa denuncia contra a súa muller por presunta falsidade documental, porque é moi difícil crer que esta persoa, que é un cargo político, non soubese desta historia de falsidade documenta, e cousas así, cousas ilegais, son as que fomentan a emigración, e por iso di que esta moción é unha tomadura de pelo. Para rematar, conta unha historia do seu pobo, na que un home dixo que se ía á emigración, e ao día seguinte seguía alí, e lle preguntaron por que, e contou que choraban os nenos, choraba a muller, choraba a súa nai e por iso non marchou.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, di que bota en falla unha explicación de cómo vai ser o proxecto, porque aquí non se explicou nada de cómo vai ser o proxecto, e di que nesta casa temos precedentes de museos que naceron como espazos dinamizadores da súa contorna no rural pero a realidade logo foi outra, e por o exemplo das estacións de ferrocarril do proxecto Estacións Vivas, nas que se inclúe o Museo Moncho Borrajo, dirixido por unha fundación, situado en Baños de Molgas e que non abre todos os días e o restaurante non é tal, ou o museo de Santa Cruz de Arrabaldo, que está recollido como museo do traxe e do liño xunto coa Fundación Estanislao Reverter, e está pechado cun candeadado; ou o museo dos Peares, que naceu como centro de entretemento para todos os públicos e centro de referencia na historia do circo, contando cunha cantina histórica, e ao final nos quedamos cunha tasca e unha sala con maquetas de trens e pechada tamén; e xa non vai falar das estacións de Campobeceros, Vilar de Barrio e Vilavella, que algunha está utilizada como caseta de obra e oficina das empresas do AVE.

Serie A N.º 2789741

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Di que de verdade é necesario reformular o seu funcionamento, e segue a reclamar unha explicación do proxecto que se vai levar a cabo no Pazo de Vilamarín, porque esto xa nace como museo da memoria do fracaso.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, di que lamenta a visión da oposición sobre este proxecto que vai nacer, e di que pedir agora a súa definición é adiantarse ao futuro, e di que procurarán que non sexa o que a oposición di que vai ser, senón un museo que recolla o mellor da emigración, e sobre todo os emigrantes e a súa memoria.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 10.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación de Ourense proxecte e faga realidade o Museo Galego da Emigración.

2º.- Que a sede da dita infraestrutura cultural sexa o Pazo de Vilamarín.

11º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha moción e cédelle a palabra para que xustifique a urxencia.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que hai un acordo plenario de 26 de febreiro deste ano sobre a construción dun centro público de atención a persoas con diversidade funcional, e agora estamos diante dun proxecto concreto que non responde ás necesidades que demandan os pais dos nenos afectados, e se fala dun centro ocupacional cando o que demandan e necesitan é un centro terapéutico – ocupacional, e o vindeiro luns teñen unha reunión os pais e nais co conselleiro e o seu grupo pretendía que fosen a esa reunión co aval e o respaldo desta Deputación. Pensan que é unha cuestión urxente por si mesma, porque a provincia de Ourense leva décadas discriminada ao respecto das outras provincias respecto deste tipo de dotacións, e sobre todo porque están aquí, entre o público,

Serie A N.º 2789742

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

os pais e nais deses nenos integrado na Plataforma Pro CAD, e cre que necesitan unha resposta desta institución, todo o cal entende que xustifica a urxencia da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que é ben coñecida por todos a posición do Grupo Popular en relación coas mocións presentadas por urxencia que ten dado lugar a debates e algunha polémica, e hoxe para nós este asunto é unha excepción, e como é unha excepción, votarán a favor da urxencia, por unha razón evidente, á marxe da importancia que nós lle damos a este tema, e é que dende a convocatoria formal do Pleno se produciron importantes novidades neste asunto, e unha delas, que considera de especial transcendencia, foron as manifestacións do Sr. Conselleiro de Política Social no Parlamento de Galicia hai un par de días, no que dixo abertamente que haberá un centro de atención ás persoas discapacitadas en Ourense e que ese centro será de xestión pública. Polo tanto, quere que quede claro que o seu grupo vai apreciar a urxencia polas razóns que acaba de expoñer.

A continuación, o **Sr. Presidente** somete a votación a urxencia do asunto, que se aproba por unanimidade, polo que se procede ao tratamento da seguinte moción:

11ª.- MOCIÓN DO BNG PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO PÚBLICO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE MÁIS DE 21 ANOS NA PROVINCIA DE OURENSE.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que defenda o seu contido.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, anuncia que ten a intención de cederlle a palabra á portavoz da Plataforma, e traslada aos outros portavoces esta petición, para que ao igual que se ten feito outras veces, sexan os pais dos nenos os que expoñan a súa problemática.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, manifesta que eles tamén lles ceden o tempo aos pais para que fagan chegar as súas inquedanzas sobre o tema.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que eles tamén lles ceden o tempo da súa quenda, pero quere que quede claro que a posición do Grupo Popular, e polo tanto a do grupo de goberno desta deputación e da Presidencia, é clara e contundente. Lamentan profundamente a utilización política e partidista, unha vez máis, deste asunto, por parte de determinados grupos. Están e seguirán estando ao carón dos pais e das nais, que sofren como ninguén esta problemática, para que Ourense conte de

Serie A N.º 2789743

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

inmediato co centro de xestión pública que eles reivindicán e que o Grupo Popular apoia, no que os mozos e mozas que sofren esta discapacidade sexan debidamente atendidos. Polo tanto, á marxe da terminoloxía á que xa os ten acostumados o BNG así como doutras consideracións ás que non se referirá, votarán a favor dos acordos propostos na moción, tal e como se presentan, ao igual que fixeron no Pleno do pasado 26 de febreiro. Fano porque ese é o seu firme compromiso con respecto a esta imperiosa necesidade desta provincia, e á marxe de oportunismos. Queren que este centro de atención á discapacidade na nosa provincia sexa un feito, e sexa un feito xa.

A continuación ocupa o escano do BNG, **dona Elena Domínguez**, representante dos pais e nais, coa seguinte intervención:

Agradecemoslles aos grupos provinciais que nos cedan a súa quenda para expoñer o punto no que se encontra a creación dun CAPD en Ourense. Nos non imos afondar moito no que significa a diversidade funcional porque xa se vos informou con detalle na nosa anterior intervención, pero antes de pasar a falar do proxecto redactado, queríamos puntualizar o seguinte: o que máis lle pode preocupar a uns pais é que os seus fillos queden nunha situación de desamparo, que queden sos na vida antes de que se poidan valer por eles mesmos; pois imaxinádevos o que sentimos nós cando sabemos que nunha chegarán a ser adultos independentes, que sempre dependerán de alguén para as súas necesidades básicas. Pode ser que o seu aspecto físico non sexa acorde ao que estamos acostumados, os seus movementos non sexan coordinados, as súas miradas asemellen perdidas, que todo isto nos produza sensación de incomodidade, xa que non sabemos como interactuar con eles, porque para os que non están directamente implicados resulta un mundo totalmente descoñecido. Non nos enganemos, a todos nos pasou nalgún momento da nosa vida que ao atoparnos cunha persoa destas características miramos para outro lado e que no fondo pensamos: que non me toque a min. Pero cando tes un neno con diversidade funcional, en realidade, o único que pensas é en como o vas sacar adiante na vida, en que a sociedade acepte ao teu fillo tal e como é, que dentro das súas limitadas posibilidades, leve unha vida digna; cremos que non é moito pedir. Aínda que parezan tan diferentes, eles senten, sofren, saben cando son queridos, porque o que máis teñen son sensacións, sensacións de confort, de perigo, de impotencia por non saber expresarse, sensacións de abandono, sensacións, o que quere dicir que son reais, que están aquí, que non lles vale calquera cousa, que nos necesitan a nós

Serie A N.º 2789744

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

como pais e a vos como o medio para que se cumpran os seus dereitos e necesidades. Ben, no Pleno do 26 de febreiro, tivemos ocasión de darvos a coñecer as necesidades dos nenos ourensáns con diversidade funcional, e as razóns polas que esixiamos un CAPD de xestión pública (porque nós esiximos, non pedimos, xa que non é o mesmo). Os que piden soen conformarse co que lles dan e quedan moi agradecidos, os que esixen é porque teñen dereito a elo, polo tanto, nós esiximos un Centro terapéutico - ocupacional, o que é o mesmo, un CAPD de xestión pública, e non nos imos conformar con menos. Estamos nun punto en que por un lado hai uns pais e nais, cidadáns ourensáns, que esixen e intentan, desde hai case un ano, un centro en Ourense para nenos maiores de 21 anos, de xestión pública, digno e axeitado para os seus fillos con diversidade funcional; e, por outra banda, está a administración, que o único que demostrou ata agora é que intenta buscar o xeito de contentarnos cun mini - centro, e para rematala, cun centro que non ten nada que ver co que nós esiximos, todo isto para quedar ben cara á galería. Esta plataforma non esixe que os cidadáns que non estean afectados directa ou indirectamente pola diversidade funcional estean obrigados a coñecela en profundidade, nin as carencias e necesidades ao respecto que poida haber na nosa provincia. Pero aos cargos públicos aquí presentes si que llo esiximos, porque segundo manifestou o Presidente desta institución - *“a nosa acción política ven definida por considerar á Deputación como motor de transformación provincial”* – e tamén dixo: *“debe ser ilimitada a nosa capacidade propositiva porque estamos nunha provincia sen límites. Chámase ambición e, en política, como a audacia e a sorpresa, son conceptos clave”*. Pois ben, é a vosa obriga e o voso traballo saber as necesidades dos cidadáns e realizar os trámites precisos para solventar as carencias na provincia. Máis de 50.000 cidadáns ourensáns estavos dicindo que queren un centro para os rapaces con diversidade funcional. ¿Qué máis se necesita? Polo tanto, gustaríanos saber que pasos deu este organismo en relación coa nosa moción, que aprobaron unanimemente no Pleno do 26 de febreiro, fora xa de limitarse a remitir o acordo da súa aprobación á Consellería de Política Social. Desde logo, a nosa plataforma non ten coñecemento de ningún trámite feito por esta Deputación. Entendemos que se algo se fixo existirá un expediente onde se poida constatar. A plataforma Pro CAPD de Ourense está permanentemente en contacto co Concello de Ourense, que é a única entidade pública da cidade que está realizando xestións relativas ao noso centro directamente coa Consellería; e

Serie A N.º 2789745

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

entendemos que por parte da Xefatura Territorial de Ourense e esta Deputación non consideran prioritario e o suficientemente importante dotar a Ourense dun centro adecuado para os cidadáns ourensáns con diversidade funcional, e desde logo do que lles esixe a metade da poboación da capitalidade. Os pais non somos os afectados, as vítimas son uns rapaces totalmente indefensos que carecen do seu espazo nesta provincia. Debería ser suficiente a súa soa existencia. Consideramos que é un despropósito que uns pais e nais teñan que saír á rúa para que a Xunta dote a esta provincia dun servizo indispensable para o futuro dos seus fillos, e cando parecía que a nosa loita ía encamiñada a que se cumpriría a nosa demanda, atopámonos con que o proxecto é un centro ocupacional. Un centro ocupacional é un servizo dirixido a persoas dependentes que precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, social e ocupacional, orientadas de maneira principal á preparación e integración laboral, e á promoción da autonomía persoal dos usuarios. En fin, se a Xunta consegue que os nosos nenos consigan integrarse na vida laboral, dende logo debería levar o Premio Nobel. Xa está ben: non insulten a nosa intelixencia, non lle falten ao respecto aos nosos nenos, bastante teñen xa. O pasado mércores asistimos ao Pleno do Parlamento, onde o grupo parlamentario socialista formulou varias preguntas sobre o expediente correspondente ao futuro CAPD de Ourense. O Sr. conselleiro de Política Social dixo, entre outras cousas, o seguinte: *“volvo manifestar con toda claridade que habería un CAPD en Ourense, e que ese CAPD será público, como no resto de provincias de Galicia”*. ¿Qué entende Política Social por un CAPD?, ¿é que acaso non hai ningún en Galicia que sirva como modelo para Ourense? ¿Ou é que supón demasiado investimento para a nosa provincia? Dixo que xa se recibira o expediente relativo á redacción do proxecto, que houbera varias reunións técnicas cos pais e que el persoalmente puxera moito interese en que visitáramos varios centros de discapacidade, o mellor que temos en Galicia. Tivemos dúas reunións técnicas e visitamos un CAPD, o de Santiago Apóstol na Coruña, que por certo, non ten nin por asomo nada que ver co que el mandou redactar. Non imos consentir que se insinúe que os pais e nais estivemos algunha vez conformes con ese proxecto. Na primeira reunión cos técnicos dixemos que non eran suficientes nin as prazas, nin as instalacións, e, por suposto, que non estabamos conformes co servizo de cátering. Propuxemos que se ampliaran dúas salas máis e que íamos falar cos membros da plataforma para comentar as deficiencias existentes; é máis, os técnicos

Serie A N.º 2789746

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

propuxéronnos que solicitáramos cita co conselleiro para tratar o tema do cátering e o número de prazas, posto que as 18 prazas residenciais da 1ª fase máis as 28 que se prevén na 2ª fase, son un total de 46 prazas residenciais, insuficientes desde logo. Pero é máis: se so se pensa no colexio de Velle, ¿cómo pode ser que nos faga un centro ocupacional? Na segunda reunión xa sabiamos o título do proxecto, sabiamos que non era un CAPD, o máis axeitado para os graos de dependencia dos que nós falabamos e tamén, dadas as características do centro de Mariñamansa, non se podía realizar a 1ª fase con prazas de residencia e de centro de día ao mesmo tempo. Manifestou que a intención do Goberno de Galicia é ter un CAPD en Ourense, de xestión pública e que será un centro terapéutico, cousa que non figura no proxecto. A intención, dixo. Estamos no mes de novembro e segue falando de intencións, non de resolucións. Sinalou tamén que temos en Ourense outras entidades no ámbito da discapacidade intelectual sostidas con fondos públicos, así como que no último ano pasamos de 168 prazas de discapacidade sostidas con fondos públicos a 202, con motivo da demanda formulada por varias entidades de Ourense, entre elas Aixiña e a Fundación San Rosendo, que desenvolven un bo labor. Estamos falando dun incremento de 34 prazas para a discapacidade intelectual, pero non sabemos cantas prazas corresponderían ás necesidades dos nosos nenos, é máis, debería saber que Aixiña só ten prazas para a discapacidade intelectual no servizo de centro de día, e non residencial, e en canto á Fundación San Rosendo debería informarse máis a fondo do bo servizo que presta, sobre todo en relación aso nosos nenos. Por último e máis importante, é que demostra unha vez máis que pretende crear un centro unicamente para os nenos do colexio especial de Velle, posto que asegura que ata o 2022 sairán de Velle 18 alumnos aos que lle engade 14 persoas en lista de agarda de Ourense, segundo as súas contas un centro de 40 prazas é máis que suficiente. aconséllolles ás familias que queden sen praza que leven aos rapaces á Consellería de Política Social, seguramente que ao día seguinte xa tedes un anexo no centro. Díganme que facemos cos nenos desprazados na actualidade ¿terán os pais que viaxar máis dunha hora de camiño (algúns con setenta e oitenta anos) para acompañalos ás consultas médicas e para buscalos as fins de semana que non hai transporte do centro. Saiban vostedes que entre Sarria e Pontevedra hai uns 40 usuarios dos CAPDS que son de Ourense. ¿Qué facemos cos que están na casa porque non queren romper o seu vínculo familiar se queren ir a un CAPD público? ¿Qué pasa cos rapaces que están en centros

Serie A N.º 2789747

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

ordinarios, eses non contan?, ¿só contan os de Velle? Podemos asegurar que en Ourense hai a mesma demanda que nas outras provincias, e aseguramos que traendo aos rapaces que son de Ourense e que na actualidade están en CAPD's públicos, non suporía que estes CAPD's tiveran prazas baleiras, xa que hai listas de espera nas outras provincias, pero aínda que así fora, temos os mesmos dereitos que o resto de provincias galegas. Non temos que xustificar a creación do noso centro sabendo a demanda que hai en Ourense. Os requisitos do noso centro: de acordo co decreto que se pretende aprobar en breve, e tal e como manifestaron os técnicos, o novo centro xa estaría adaptado e acorde a este. Tería que ser un servizo residencial terapéutico-ocupacional, que tal como o define a Xunta, e isto é moi importante, é un conxunto de actuacións dirixidas ás persoas dependentes que precisen unha serie de cuidados e atención de carácter persoal, social, terapéutico e ocupacional. Así mesmo, o dito Decreto fai referencia a unha serie de especificacións sobre servizos específicos de atención residencial, destinados a persoas dependentes, con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, que se sumarían ao requirido para un servizo residencial básico. Polo tanto, entendemos que a Xunta sabe diferenciar entre un centro ocupacional e un centro residencial terapéutico-ocupacional para dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral. Entón non entendemos con qué obxecto queren facer un centro ocupacional e para quen. Non entendemos nada, esiximos un centro para nenos cunha dependencia de grao alto e resulta que fan un centro onde os nosos nenos non teñen cabida. Gastamos 40.000 euros nun proxecto que non serve. O centro debería contar con cociña propia (están ofrecendo un cáterign), con aulas e talleres onde se imparta rehabilitación funcional, outras terapias alternas, terapia ocupacional (que non é o mesmo que centro ocupacional, porque a terapia ocupacional é un servizo que se ocupa da promoción da saúde e do benestar a través da ocupación, e non ten nada que ver coa integración no mundo laboral). Debería ter estimulación cognitiva e sensorial, atención psicomotriz, psicolóxica, neurolóxica e psiquiátrica, fomento do autocoidado físico, actividades de ocio e tempo libre e un servizo médico e de enfermería. Isto é un CAPD, isto é o que necesitan para levar unha vida digna e sentirse activos. E cando esiximos un CAPD de xestión pública quere dicir xestión pública e non externalizar servizos. Na xestión pública o persoal sempre é o mesmo, moi importante, cando van pasar no centro o resto da súa vida e necesitan ter unha seguridade e unha confianza que só lles poden dar persoas que

Serie A N.º 2789748

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

os coñecen, e que eles os poidan identificar como parte da súa vida diaria. Eles non se adaptan ben aos cambios. Cúmprense as ratios de persoal, o persoal é libre de esixir que o centro cumpra coas necesidades dos usuarios, cousa que é impensable nun centro privado. É importantísimo que o servizo de cociña sexa xestionado polo centro de forma directa, non nos poden ofrecer un cátering para rapaces enfermos, cheos de medicación, e a maioría con dietas estritas e complicadas, e que desde os 21 anos ata que morran van comer requentado. E da calidade xa non falemos. Dixémolo en repetidas ocasións, nós somos pais e nais, e non estamos manipulados politicamente por ningún grupo, e esta escrito da miña intervención quero deixar claro que o fixen eu soa, e que botei varios días sen durmir, entón no me quiten o mérito, porque o fixen eu doa e ninguén me dixo o que tiña que pór. Dixémolo en repetidas ocasións, nós somos pais e nais, e ata o de agora sempre tivemos un comportamento exemplar nesta loita, exemplar e paciente, pero imos facer o imposible e máis para obter o centro que os nosos rapaces precisan, que o merecen e ao que teñen dereito; e despois de dez meses buscando o tempo que non temos, para manifestar e dar a coñecer as súas necesidades, imos ir ata o final, con todas as consecuencias; non somos políticos, e seguramente non imos gañar un concurso de oratoria, pero desde logo sabemos o tipo de centro que eles necesitan mellor que calquera profesional, pódovolo asegurar; e posiblemente non imos ser politicamente correctos ao dicirvos que nos sentimos manipulados politicamente pola Xunta, impotentes e indignados coa mala xestión por parte das administracións; que a vosa obriga como cargos públicos e representantes desta provincia é defender as súas necesidades ante o goberno da Xunta; que esixades que se cumpran os compromisos asinados, que fagades o voso traballo, porque se a Deputación Provincial só está para darlle o parabén ao goberno autonómico, aínda que sexa unha inxustiza para Ourense, entón deberiades xustificarlles aos ourensáns a necesidade de soportar os gastos que ocasiona o funcionamento desta entidade. Os rapaces ourensáns con diversidade funcional non son cidadáns de segunda, merecen que os representedes como ao resto de cidadáns. Vos sodes pais e nais, e loxicamente antepoñedes as necesidades dos vosos fillos aos cargos públicos e políticos que representades. Simplemente vos pedimos que fagades o mesmo cos nosos. Nada máis.

Serie A N.º 2789749

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, intervén para manifestar que apoian a moción do BNG nos seus termos e as reivindicacións que fixo a representante dos pais.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, manifesta que apoian todo o que dixo dona Elena Domínguez así como a moción. Estes pais e nais levan máis dun ano intentando conseguir un centro público de atención terapéutica ocupacional e é normal que se sintan enganados e pide que se retiren as palabras de que se intenta politizar, son pais e nais que están loitando polos dereitos dos seus fillos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que parece que a Sra. Rodríguez Rodríguez non o escoitou, pídelle que escoite a gravación da sesión e ao mellor ten que retirar as palabras que dixo.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, cre que quedaron contestadas todas as reservas do portavoz do Grupo Popular. A explicación foi suficientemente clara e extensa. Apoian aos pais, diante desta explicación dos propios afectados, que viven día a día unha situación totalmente inxusta nas súas propias carnes, e pensa que non fai falta dicir nada máis.

O **Sr. presidente** intervén para dicir que en febreiro de 2016 se aprobou por unanimidade un acordo que segue totalmente vixente. Desde ese mesmo momento puxéronse en contacto do Presidente da Xunta, esa mesma mañá, e tanto na Consellería como na Xefatura Territorial saben do interese da Deputación neste asunto. É consciente dos problemas de financiamento e xa ofreceron a súa colaboración para o transporte de familiares para realizar as visitas e seguen abertos a esa vía de colaboración. Entenden a decepción polo proxecto que foi coñecido hai días, e o que se vai facer agora con este acordo (que entende unánime) é rexeitar ese proxecto e reclamar o que xa reclamaron no seu momento. O papel da Deputación e do grupo de goberno vai ser o de estar pendentes de todas estas cuestións, do seu cumprimento e da súa realización e vai ser o punto número un das reivindicacións que farán diante da Xunta.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11.

Serie A N.º 2789750

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- A Deputación amosa o seu rexeitamento ao proxecto presentado de construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de máis de 21 anos na provincia de Ourense, por non ser o que precisa a provincia de Ourense. Nin por servizos, nin por número de prazas, nin pode garantir a xestión pública, coa que se comprometeron os partidos políticos en acordo asinado o 18 de setembro de 2016.

2º.- A Deputación insta á Xunta de Galicia a que se elabore un novo proxecto que se corresponda cun Centro de atención terapéutica-ocupacional, público, que execute nunha primeira fase o centro de día e servizos comúns e que deixe previsto, para unha segunda fase, o centro residencial.

3º.- A Deputación insta á Xunta de Galicia a que se garanta, en todo caso, a xestión pública do centro.

A continuación pide a palabra **dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, que quere formular unha cuestión de orde, porque se acaba de tramitar por vía de urxencia unha moción, que considera plenamente xustificada, pero é que o Grupo Socialista presentou unha moción o día 10 de novembro, o mesmo día que se convocaron as comisións, e esa moción non foi incluída, pero é que non só non foi incluída, senón que os seus propios compañeiros na comisión tentaron de que se tratase ese asunto, e non se tratou, polo que di que se llo permiten se vote tamén a urxencia desa moción, que trata sobre unha pista que debería coñecer, e lembra que o Sr. Presidente tivo unha reunión hai un ano con responsables de Tráfico na que se pediron unha serie de cousas, polo que pide que teña en consideración a urxencia da moción, que presenta neste momento.

O **Sr. Presidente** somete a votación a declaración de urxencia da moción presentada pola Sra. Lama Fernández, emitíndose 11 votos a favor (dos Grupos Socialista, de DO e do BNG) e 14 votos en contra (do Grupo Popular) co que non se declara a urxencia da moción, quedando esta sen ser debatida nin votada.

Dona Elvira Lama Fernández pide a palabra, que o Sr. Presidente lle concede, para dicir que cre que se están a tomar decisión arbitraria, inxustas, antidemocráticas e sobre todo desleais cos cidadáns desta provincia, e di que se do que se trata é de ter o salón

Serie A N.º 2789751

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

de plenos cheo de xente para poder tratar unha moción pola vía de urxencia, asegúralle que o mes que ven vai ter o salón de plenos cheo, porque se trata dunha pista cunha alta siniestralidade, con cinco persoas mortas nos últimos anos e respecto da que os propios responsables de Tráfico lle dixeron que a Deputación se tiña que facer cargo, ou senón xestionar doutra maneira para que os concellos non teñan que asumir os custes de reparación e mantemento, e ante o problema de seguridade viaria desta pista, lle parece gravísimo que non se declare a urxencia, e se a institución está soamente para atender cuestións cando este salón estea cheo de xente, non se preocupe, porque o Grupo Socialista traerá xente a este salón. Di que a moción está rexistrada dende o día 10, pero claro, non tiveron tempo de estudala porque aquí só se traen cousas que non custen cartos, e esa pista a Xunta tivo que gastar un millón de euros para arranxala, e o Sr. Presidente está a facer unha política arbitraria, partidista, antidemocrática e inxusta para os cidadáns aos que ela representa nesta institución. Pide que quede constancia destas manifestacións en acta.

O **Sr. Presidente** di que sempre queda constancia das súas intervencións, pero tamén quedou constancia da intervención anterior do portavoz do Grupo Popular na que se motivou o porque do voto favorable á declaración de urxencia da moción do BNG, e prégalle que preste atención a esas explicacións.

12º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTES RELACIÓNS DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de outubro de 2016 e dos seguintes adicionais: 1º de setembro de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: mes de outubro de 2016 e dos seguintes adicionais: 3º de xuño, 2º de xullo, 2º de agosto e 1º de setembro de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de outubro de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de outubro de 2016.

Os membros da Corporación quedan informados.

Serie A N.º 2789752

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016**13.º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O **Sr. Presidente** anuncia que o Grupo Socialista presentou por escrito unha serie de preguntas, para ser contestadas oralmente no Pleno, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que formule as preguntas.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, manifesta que a primeira pregunta é respecto das brigadas de obras e di que son coñecedores da existencia de vacantes en varias delas, e pregúntalle á Presidencia se ten intención de cubrir esas vacantes e dotar as brigadas do persoal correspondente.

O **Sr. Presidente** manifesta que si, que se ten intención de cubrir esas vacantes dentro das limitacións orzamentarias. Está prevista a incorporación de persoal o día 1 de decembro, segundo o procedemento que se estableceu nas bases reguladoras da convocatoria e do procedemento de elaboración e aprobación das listas para contratación de persoal laboral temporal, publicado no BOP do 9 de decembro de 2014, no correspondente á convocatoria para as brigadas de Trives e Viana. Os postos son os seguintes: para Viana dous choferes e tres legoeiros e para Trives tres legoeiros. As baixas sempre se están cubrindo dentro das limitacións orzamentarias, cun total de 35 vacantes e a concurso saen 25.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, respecto das obras da alta velocidade ferroviaria e os danos causados ás vías provinciais, pregunta qué reparacións se realizaron nestas vías afectadas por parte desta Deputación e que xestións se realizaron.

O **Sr. Presidente** responde que o 5 de abril de 2016 xa se lle fixo chegar o informe detallado do xefe do Servizo de Vías e Obras indicando as accións realizadas ata ese momento. O 21 de setembro achegouse novo informe do xefe do Servizo de Vías e Obras, indicando que ADIF tiña contratado coa empresa consultora Ineco a redacción dos proxectos de reparación urxente das vías municipais, provinciais e autonómicas danadas. A día de hoxe, segundo informa o xefe do servizo, teñen constancia de que os proxectos están redactados e aprobados tecnicamente, estando actualmente na fase de encomenda para a realización das obras a Tragsa. Na Deputación tomáronse todas as medidas posibles, dándolles apoio aos concellos de Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Paderne de Allariz, Vilar de Barrio, Taboadela, Laza e tamén ao concello de Castrelo do Val. Con relación á proposta aprobada no

Serie A N.º 2789753

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

debate sobre o estado da provincia di que xa lle foi trasladada directa e persoalmente a nosa reivindicación ao ministro de Fomento, D. Íñigo de la Serna.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, respecto da aprobación do Plan de Ordenación de Recursos Humanos para 2017, pregunta qué previsión ten este goberno á hora de cubrir as vacantes que se producen en Vías e Obras.

O **Sr. presidente** di que a oferta de emprego público de 2017 reservará o 50% das prazas vacantes ofertadas para promoción interna, deste xeito o equipo de goberno da Deputación Provincial cumpre o seu compromiso de impulso á promoción e desenvolvemento persoal dos empregados públicos. En data 2 de setembro de 2016 publicáronse as bases reguladoras do concurso ordinario para provisión de diversos postos de traballo da RPT. Dille ao Sr. Gómez García que lle fará chegar relación detallada dos 25 postos que corresponden ao Servizo de Vías e Obras.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, respecto ao plan invernol da Deputación, que todos os anos hai como unha adhesión a un convenio no que os concellos pagan unha parte para poder limpar as vías municipais, e este ano non se recibiu ese escrito, pregunta como están esas actuacións que pode facer a Deputación trala petición previa dos concellos.

O **Sr. presidente** responde que pedirá información ao servizo correspondente, para ver por que este ano non se fixo e remitiráselle con carácter inmediato. En todo caso, manifesta que o operativo está en funcionamento.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que para coller un tren moderno, un tren do século XXI, os valdeorreses téñense que desprazar á Gudiña ou a Ponferrada. Para comunicarse con media Galicia por autovía, como é A Coruña ou Lugo, van ao Bierzo, para a outra media van á Gudiña. Para viaxar en Avión van a Madrid. Antes morrían no Barco e agora teñen que vir morrer a Ourense grazas a que lles quitaron a área sanitaria e ao que fixeron co hospital comarcal do Barco. Non vai dicir como están a 536, a 533 ou a N-120 ao seu paso por Valdeorras, pois é mellor que o vaian ver. Esta última semana os empresarios de Valdeorras alzaron a súa voz reclamando servizos para esa zona. Rógalle ao Sr. Presidente que se poña á fronte das xustas peticións dos empresarios e da sociedade valdeorresa, xa que ten gobernos amigos tanto en Santiago como en Madrid. Pídelle que non faga vir aos valdeorreses aquí, que se desprace el alí, para que sufra, polo menos, a N-120.

Serie A N.º 2789754

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de novembro de 2016

O Sr. presidente toma nota do rogo.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana, pregúntalle ao Sr. Presidente se está relacionado coa denuncia que pesa sobre a súa muller, na que se lle piden un ano e nove meses de cárcere, por falsidade de documento público no Concello de Ourense.

O Sr. Presidente non responde.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, quere facer un rogo, xa que ao parecer no Concello da Mezquita xa caeron as primeiras nevadas e tivo que ser o propio concello o que solucionase a problemática nas estradas, pide que se fagan as previsións ao respecto destes temas para que non ocorran este tipo de circunstancias.

O Sr. presidente responde que se porá en contacto co alcalde da Mezquita agora mesmo.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, formula un rogo respecto á estrada OU-526, de Ourense a Amoeiro, no punto quilométrico 2.100 (onde pasan os cables de alta tensión). No curso do pasado ano fíxose algunha obra cunhas bandas rugosas, pero entenden que non é suficiente, porque xa faleceu algunha persoa e cada vez que chove hai varios accidentes. É un tramo de 200 metros. Pide que os técnicos desta casa visiten o lugar e entenda que se precisan bandas rugosas subindo tamén, para non entrar a tanta velocidade na curva.

O Sr. presidente toma nota do rogo.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 13.

E, ás 13.30 horas do día vinte e cinco de novembro do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,